

## foz

Comezan os traballos preparatorios para a construción das rotondas de Cangas. **Páx. 4**

## ribadeo

Gastronomía, música e pregón de Pilar Cagiao, no Ribadeo Indiano. **Páx. 6**

## viveiro

O Resurrection Fest 2024 contará coa participación de 89 bandas. **Páx. 11**

## ourol

Primeiras confirmacións do Festival Aturuxo de Bravos en xullo. **Páx. 12**

## riotorto

A Xunta inviste 1,2 millóns de euros na residencia de maiores. **Páx. 24**

## 16 areas da Mariña vestirán de azul



## Alcoa volve a ser protagonista da actualidade

O proceso de ampliación da balsa de lodos segue adiante e o comité pide explicacións. **Páx. 2**

## Impulso para o pequeno comercio

A Federación e a Deputación firmaron un acordo para apoiar a oficina informativa. **Páx. 25**

## Novos títulos deportivos para a comarca

O Lourenzá coróase como campión da Segunda División xuvenil antes da fin da tempada. **Páx. 29**

## O Atrio de Vilaronte



Entrevista ao colectivo focense, que se ocupa das festas de San Xoán. **Páx. 5**

## Feira do Trece



Está organizada pola asociación de San Sebastián de Carballido. **Páx. 23**

## Club Isla Pancha



Conta con xogadores de Ribadeo, Trabada e Xixón. **Páx. 30**

**Definitivamente,**  
temos o prezo  
máis baixo en fibra



**Fibra 400 Mb**  
**Móbil 30 GB**

**29€**  
/mes

**PREZO DEFINITIVO**

Chama gratis ao **900 651 679**  
Visita as nosas tendas ou entra en [adamo.es](https://adamo.es)

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

# A MARIÑA

## Vegadeo, Castropol e Ribadeo reclaman melloras en tres estradas



Os alcaldes de Vegadeo, Castropol e Ribadeo demandan investimentos na A-8, nas nacionais 640 e 642, así como no ferrocarril e na senda verde. César Álvarez, Francisco Vinjoy e Daniel Vega, que mantiveron un encontro no Concello ribadense, apostan por manter estas xornadas de traballo para levar adiante diferentes iniciativas de xeito conxunto. O rexedor ribadense explicou que “os alcaldes de ría unímonos máis que nunca nunha xornada de traballo que claramente lle agradezo ao alcalde de Castropol e ao alcalde de Vegadeo por acudir a esta reunión que se celebrou en Ribadeo e traballar conxuntamente e así garantir un futuro aos nosos municipios. Reivindicacións claras ante o goberno central para investir nos nosos municipios, nestes territorios que crecen e cada día teñen máis futuro”.

Vega apostou por investir nas infraestruturas, nas vías de comunicación e tamén mellorar os alumnea-

dos nos accesos ás vilas. “Creo que o goberno central debe tomar unha decisión rápida, urxente e investir nas nosas vías de comunicación”. O alcalde de Ribadeo considera que “debemos ser polos atractivos á inversión, traballar por asentar empresas. Coincidimos os tres alcaldes en que o solo industrial debe baixar o prezo, no noso caso Sepes, porque así vamos facer espazos máis atractivos á inversión”.

Tamén pide investimento “na nosa senda verde, é dicir seguir eliminando as plantas invasoras, ter ese cinto verde, que debe garantir a comunicación tamén non entorno da ría. E polo tanto son inversións, son reivindicacións claras ante un goberno central que debe investir e debe traballar conxuntamente”. Dani Vega engadiu que “foi unha xornada de traballo, unha xornada que debo agradecer aos alcaldes por entender que debemos estar máis unidos, máis que nunca e así traballar conxuntamente”.

## Alcoa continúa co proceso de ampliación da balsa de lodos

O comité de empresa de Alcoa recibiu unha chamada da dirección da planta de Alúmina a varios sindicatos para comunicarlle que a empresa solicitou continuar co proceso de ampliación da balsa de lodos vermellos ata a cota 104. Ademais, tamén se solicitou volver a caracterizar o depósito coma non perigoso se, unha vez rematados as análises pedidas pola Xunta, estas así o caracterizan.

O comité de empresa tamén indica no comunicado que a reunión técnica que pediu Alcoa para explicar ao comité que decisión tomaba con respecto ao futuro da balsa de lodos non se fixo. Por iso, aseguran que o trato da dirección ante o comité “volve a ser lamentable”. Por este motivo, xa solicitaran a reunión técnica acordada e que se aclararan os puntos esenciais como a aprobación da inversión e os prazos de execución por parte de Alcoa, ademais dos prazos de aprobación de trámites administrativos por parte do Goberno autonómico así como a súa postura respecto a este anuncio da compañía.

Tras as últimas informacións nas que se asegura que a compañía analiza distintas ofertas para o proceso de venda en San Cibrao, o comité asegura que non dispón da información suficiente para facer unha valoración, datos que esperan reunir na vindeira reunión de seguimento. A cita, que se corresponde coa décimo oitava mesa de seguimento, será o vindeiro 12 de xuño no Ministerio de Industria.



Por outra banda, os traballadores tamén se pronuncian sobre as declaracións de William F. Oplinger, presidente de Alcoa. “Sobre as ameazas que lanzou se non se leva a cabo o proceso de venda que eles unilateralmente decidiron e que piden flexibilidade tanto a gobernos como a traballadores non se pode responder outra cousa. Flexibilidade tivemos durante moito tempo e actualmen-

te a que está dicindo que incumpre son eles e non nós”. Piden, deste xeito, que se respecten os acordos. “O único que esiximos é que se cumpra cada un dos parágrafos do que teñen firmado”, sinalan dende o comité. “Non pode ser que estea con ameazas un señor que en menos dun ano firmou un acordo e avalou que se ían cumprir unha serie de inversións”.

## Alumnas de Burela e A Pontenova gañan o certame ilustrarNÓS

O Pazo de San Marcos acolleu o acto de entrega de premios do III Certame Escolar de Ilustración IlustrarNÓS, convocado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Jimena Domínguez García do CEIP Vista Alegre de Burela, Inés Suárez Capón do IES Enrique Muruais da Pontenova, Noa Digón Uría e Noa López Villares, as dúas do IES de Becerreá foron as gañadoras do certame nas categorías 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO e Bacharelato e Ciclos, respectivamente.

Os seus traballos foron elixidos entre as 148 ilustracións presentadas

ao certame por parte de alumnos de colexios e institutos de distintas comarcas, inspiradas no lema proposto para esta terceira edición da convocatoria *A Festa*, que convidaba a representar este concepto.

As autoras das obras gañadoras foron agasalladas cun Ipad con aplicacións de deseño gráfico e cun lote das máis recentes publicación en galego de álbum, banda deseñada e novela gráfica. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro agradeceu a participación de todas as alumnas e alumnos que presentaron os seus traballos ao certame,

así como do profesorado e das familias que as alentaron e lembrou os obxectivos desta iniciativa, que “ofrece un aliciente para que as alumnas e alumnos poñan en marcha a súa creatividade” e “pretende popularizar a obra de ilustradores e ilustradores galegos entre as xeracións máis novas”.

O acto contou coa participación da escritora e editora Eva Mejuto, coordinadora do Salón do Libro Infantil de Pontevedra, que compartiu coas gañadoras as súas reflexións sobre as posibilidades que ofrece a ilustración como linguaxe artística.

## Os populares denuncian deficiencias no parque comarcal de bombeiros

Os deputados populares Antonio Ameijide, Demetrio Salgueiro, Clemente Iglesias e José María Fernández mantiveron unha xuntanza cos bombeiros do parque comarcal de Barreiros para coñecer directamente as necesidades e problemas dos traballadores deste servizo, na que os populares afirmaron saír “alarmados” polo “absoluto abandono” que sofren por parte da Xerencia do Consorcio.

Durante este encontro, comprobáronse como son “numerosas” as de-

ficiencias existentes neste parque, tanto nas instalacións como nos vehículos e elementos de traballo dos bombeiros, o que evidencia “o abandono” aos que os teñen sometidos por parte da Xerencia do Consorcio impulsada pola Deputación de Lugo, a pesar de que contan cun orzamento de 5.803.624,01 euros.

Afirman que se precisa “maior implicación por parte do Consorcio para resolver os problemas denunciados e mellor xestión dos recursos para dar solución aos mesmos”.

## Uns 16 areais da Mariña contarán este verán coa súa bandeira azul

Galicia contará este ano cun total de 114 praias pertencentes a 35 municipios galardoadas coa bandeira azul, un distintivo de carácter internacional co que a Asociación de educación ambiental e do consumidor (Adeac) recoñece anualmente a areais de todo o mundo seleccionados en base a unha serie de rigorosos criterios de sustentabilidade, accesibilidade e servizos. Na provincia, son 8 concellos os que se fan co distintivo, 16 areais e 1 porto deportivo.

Foz é o concello lucense con máis praias galardoadas, un total de 5; seguido de Burela, con 2 praias e 2 centros azuis; Barreiros e O Vicedo, que suman 2 areais cada un deles, e Ribadeo, tamén con 2 praias e que un ano máis conta cun porto galardoado. Son Coto e Fontela Valea en Barreiros; A Marosa e O Portelo en Burela; O Torno, en Cervo; A Rapa-

doira, Areoura, As Polas, Llas e Peizás, en Foz; Abrela e Xilloi, no Vicedo; As Catedrais e Os Castros-Illas, en Ribadeo; Area de Viveiro e Esteiro, en Xove.

No caso da Coruña, son 38 os areais, entre eles o Lago das Pontes. No caso dos portos lucenses con bandeira azul, repite o Porto Deportivo de Ribadeo, así como o Centro de Educación Medioambiental Gaia de Burela e o Barco Museo Reina del Carmen como centros azuis 2024. Desde xeito, Galicia concentra case unha de cada cinco bandeiras concedidas en España (638) e consolida a súa posición entre as tres comunidades que reciben un maior número de distintivos para as súas praias, xunto con Valencia (que suma 138) e Andalucía (130). Dos 114 areais galegos galardoados nesta edición —que se estenden ao longo de 53,5

km de costa e supoñen 1 máis que en 2023—, cómpre subliñar que ningún recibe este distintivo por primeira vez pero cinco deles recuperan a bandeira que non luciron o ano pasado.

Así mesmo, Adeac tamén deu a coñecer a relación de portos deportivos nos que ondeará a bandeira azul. Das 102 instalacións recoñecidas no conxunto do país, 11 están en Galicia, unha menos que na pasada edición, xa que o Club Náutico Boiro-Marina Cabo de Cruz non presentou candidatura este ano por estar en obras. De igual xeito e aínda que neste caso non lucirán bandeira como tal, Adeac recoñeceu un ano máis o labor dos chamados centros azuis, categoría na que se engloban aulas de natureza, centros de recepción de visitantes e instalacións similares dedicadas á educación ambiental.

### Camiña ofrece na Mariña varias actividades inclusivas

Dende Camiña outro ano máis queren ofrecer actividades inclusivas dirixidas a nenos e nenas, entre 3 e 10 anos de toda a comarca da Mariña. As actividades vanse levar a cabo nos meses de xullo, agosto e a primeira semana de setembro e terán prioridade aqueles nenos e nenas con discapacidade, aínda que as actividades están abertas para toda a infancia.

As prazas son limitadas polo que se establecen criterios de selección. Para máis información débese poñer en contacto coa asociación a través das redes sociais ou do número 982 580 423.

## Volve á Mariña o festival de música Bal y Gay

A Mariña poderá gozar da música clásica na nova convocatoria do festival Bal y Gay, que se celebrará do 8 ao 23 de agosto. Este ano programan 12 concertos de recoñecidos artistas internacionais en espazos emblemáticos da Mariña.

O festival nace en 2014 como unha iniciativa da Asociación Xesús Bal y Gay para achegar a música clásica de calidade a unha contorna onde a accesibilidade a esta era moi limitada. Desde entón, intérpretes do momento reúnen-se na Mariña na segunda quincena de agosto para promover a

formación musical, así como para vivir experiencias artísticas onde a música comparte protagonismo coa historia, o patrimonio arquitectónico da zona, a paisaxe ou a gastronomía.

Un proxecto que non só enriquecerá culturalmente a poboación senón que provocará unha afluencia turística que dotará á provincia de maior visibilidade e repercusión. Despois de sete edicións, o Festival Bal y Gay consolídase como un Festival de referencia en Galicia tanto a nivel de público como de prensa, grazas a un cartel de artistas de primeiro nivel

## A Mancomunidade programa dúas rutas



A Mancomunidade programa para os días 16 e 29 de xuño dúas novas xeorutas, unha polo Vicedo e outra por Burela.

O 16 de xuño terá lugar a xeoruta do Ollo do Sapo, no Vicedo, que se desenvolverá entre as 10.30 e as 13-30 horas, guiada polo xeólogo Fran Canosa. Son 20 as prazas dispoñibles para gozar deste paseo duns 7 quilómetros e medio a través dunha paisaxe de enorme beleza. Os asistentes terán a oportunidade de coñecer a costa vicedense, esculpida sobre as rocas denominadas Ollo de Sapo, que fo-

ron orixinadas pola transformación metamórfica de magma e as cinzas dunha enorme cadea de volcáns explosivos, que chegaban ao Vicedo desde o centro da península.

Para o 29 de xuño está prevista a xeoruta da Marosa, en Burela, de 10 a 13 horas, guiada polo xeólogo Iván Rodríguez. O número de prazas tamén será de 20. Os participantes observarán os materiais graníticos que conforman a base da paisaxe na Mariña Occidental, así como a dinámica costeira, as formas de erosión e depósito como covas, cantís, praias ou tómbolos.

### CORRELINGUA



Burela recibiu a visita de máis de 1.700 alumnas e alumnos de dezasete centros da Mariña e Ortigueira, ademais dun colexio de Bélxica. O Correlingua amparou esta marcha que pon o foco na reivindicación do uso do galego entre a xuventude e a rapazada dun xeito festivo

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## Continúa a terceira edición do Certame de Teatro Aficionado o 14 e 15 de xuño

Continúa a terceira edición do Certame de Teatro Aficionado José Luís López Lorenzo- O Poto en Foz. A arte escénica será gran protagonista esta mes de xuño no municipio. A cita, que comezou o día 6, continúa o venres 14 con *O Traballo de Andrea* do grupo de teatro Ollomao a partir das 20.00 horas.

O sábado, á mesma hora, chega *A Lola de Avelaiña Teatro*, e o domingo, a partir das 18.30, poderase gozar de *Avoa, xogamos?* de Alentía Teatro, aínda que está fóra de concurso. As pezas representaranse na Casa da Cultura e a entrega de premios terá lugar o venres 28 de xuño.

## O PP pide eficacia nas obras do barrio das Casas Baratas

O PP pide máis eficiencia ao alcalde na xestión das obras. "Dicimos isto porque oímos ao alcalde que se vai a iniciar unha obra máis no centro urbano cando os traballos máis importantes que se están a realizar neste momento, no barrio das Casas Baratas, están paralizados", indica o voceiro, Javier Jorge Castiñeira. O PP revisou o expediente da obra do barrio das Casas Baratas e asegura que é un auténtico despropósito.

"Estamos moi preocupados porque só están executados dous terzos, o 64 % do proxecto, e o resto está no aire. O que di tamén a documentación é que hai varias irregularidades que se traduciron en reparos de Intervención, entre eles ao propia contratación do proxecto que, segundo a Interventora, non seguiu o proceso legal establecido e, polo tanto, o que mal empeza, mal acaba", lamenta Jorge Castiñeira.

Polo tanto, desde o Partido Popular de Foz reclaman ao alcalde que dea solucións canto antes á situación no barrio das Casas Baratas, que resolva os problemas que ten coa empresa e que esta obra se remate antes de que comece o verán.

Tamén criticaron a subida do 31 % do recibo da lixo. "É sorprendente que cando gobernaba o Partido Popular e se pedían unhas subidas progresivas ano a ano tanto PSOE e BNG se negaban a elo e agora, estando no goberno, o suben de golpe", lembra o voceiro popular, Jorge Castiñeira.

# Comezan os traballos preparatorios para a construción das rotondas de Cangas

Comezaron os traballos preparatorios para a construción das rotondas de Cangas. O proxecto, aprobado en maio do ano 2023, ascende á cantidade de 720.875,65 euros, IVE incluído. As obras encádranse dentro do contrato de conservación e explotación de estradas do sector LU-02 do Ministerio de Transportes, licitado por tres anos de duración por un importe de 17,5 millóns de euros e adjudicado por 14,25 millóns á industrial MATINSA en febreiro deste ano 2024.

"Debo agradecerlle ao Ministerio de Transportes o compromiso con Foz. Con feitos, non con palabras. As reunións traducíronse en publicacións no BOE e as publicacións no BOE en obras, que comezaron este luns. O impulso de Isabel Pardo de Vera e o de compañeiros



como César Mogo foi fundamental para que o proxecto das rotondas de Cangas sexa unha realidade. É unha obra que nos fai dar accesibilidade e seguridade, que é a nosa principal preocupación",

destaca o alcalde de Foz, Fran Cajoto.

Primeiro comezaron os traballos de replanteo topográfico previos ao inicio do movemento de terras e o alcalde achegouse para intere-

sarse polos mesmos. "É evidente que o aumento da intensidade de tráfico no verán vai incidir nas obras, polo que a contrata está acelerando o proceso de inicio para traballar con intensidade durante o mes de xuño", explica Cajoto.

O alcalde engade que "as rotondas de Cangas veñen a solucionar os problemas de seguridade en dúas interseccións: o cruce da estrada da Costa N-642 coa estrada LU-162 a Ferreira do Valadouro, punto de concentración de accidentes e que tamén da acceso ao centro cívico e á igrexa de Cangas; e o cruce da estrada da Costa N-642 coas vías municipais aos barrios da Gralleira e Ribela, moi poboados e que teñen imposibilitado o xiro a esquerdas na estrada nacional".



## Destinan máis de 119.000 euros en mellorar vías en Santo Acisclo e Santa Cilla

O Concello de Foz investiu máis de 119.000 euros na mellora de distintas vías nas parroquias de Santo Acisclo e Santa Cilla. As obras foron executadas con cargo a fondos da Deputación de Lugo, pertencentes ao Plan Único 2023 e grazas á aportación do Ministerio de Agricultura, Unión Europea, Xunta de Galicia e Concello de Foz, dentro do plan de camiños do Agader 2023-2024.

En Santo Acisclo, por un importe de 38.000 euros con cargo a fondos do Agader 2023-2024, aglomerouse en quente o vial que une Raúlfe coa estrada LU-152 Foz-Ferreira. "Melloramos a drenaxe neste camiño con dúas novas taxeadas e o formigonado de algo máis de 25 metros de cuneta. Realizamos o

aglomerado en quente de 620 metros de via, ancheando dúas curvas para facilitar a circulación e rematamos a obra con nova sinalización vertical e horizontal", explica o alcalde de Foz, Fran Cajoto.

En Santa Cilla, no barrio de Trasmonte, renovouse cun dobre tratamento superficial con rega asfáltica o firme en 2,4 quilómetros de camiños, que constitúen o entramado viario neste núcleo. "Investimos máis de 81.000 euros para mellorar o firme nuns camiños que sofren moito desgaste pola saca de madeira. Estes traballos súmanse á renovación da varanda e a sinalización na ponte sobre o río Ouro que realizáramos na anterior lexislativa", destaca o alcalde.

## Invisten uns 110.000 euros nos camiños da parroquia de Vilaronte

O Concello de Foz investiu 110.000 euros na mellora de distintos camiños na parroquia de Vilaronte. As obras foron posibles polo financiamento do Plan Único 2023 e grazas á aportación do equipo de rega asfáltica do parque de maquinaria da Deputación de Lugo.

O equipo de rega asfáltica da Deputación de Lugo mellorou o firme en algo máis de 2,3 quilómetros da parroquia de Vilaronte: na Baesta, no camiño de acceso aos Castros, no barrio da Espiñeira, na Cernada - Seoane e no vial que une o cemiterio coa estrada a Ferreira, ademais do arranxo da explanada que serve de estacionamento no cemiterio parroquial.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, explica que son "camiños que presentaban un firme en mal estado e que dan acceso a vivendas, como no caso do vial á Baesta. Mellorouse o firme cun dobre tratamento en rega asfáltica e limpáronse a cunetas e as marches das vías".

O rexedor municipal engade que "un proxecto moi destacado foi o ensanche e aglomerado en quente do acceso ao núcleo de



Vilaronte desde a estrada Ferreira - Foz. Con algo máis de 37.200 euros procedentes do Plan Único 2023 resolveuse unha demanda histórica da parroquia de Vilaronte, un traballo que iniciara Pepe Rivera e que permite ao núcleo de Vilaronte dispoñer dunha estrada de acceso digna e segura". O proxecto incluíu a ampliación de algo máis de 245 metros de vial, a mellora do firme con aglomerado en quente, sinalización e disposición de separadores para a senda peonil ao cemiterio.

# “É un orgullo ver Vilaronte cheo de xente e os veciños anímante”

O colectivo O Atrio de Vilaronte prepara o programa de San Xoán

**Lucía Blanco**

San Xoán de Vilaronte é unha pequena parroquia de Foz. Pero as ganas dos veciños por dinamizar a zona e por crear comunidade conseguen darlle vida a esta poboación mariñá na que cativos e maiores teñen máis que consolidadas cada unha das citas que promoven dende a asociación cultural O Atrio de Vilaronte. “Para iso o facemos, ás veces nas parroquias máis aló da festa do pobo non hai moito máis e o resto do ano está baleiro”, explica Dolores García, a presidenta.

**Botaron a andar como comisión de festas pero agora as súas funcións van moito máis aló.**

Xa hai moitos anos que comezou a asociación. Os que estaban nela encargábanse de facer a festa e a churrascada, pero pararon. De feito, non estou segura se quedamos un ano sen festa. Despois, o irmán dun dos rapaces comezou a falar cos veciños para xuntarse e así empezamos no 2018.

**Hai relevo xeracional?**

Agora mesmo somos sete e a máis nova é a miña filla que ten 24 anos. Entón de momento hai, pero ás veces os maiores somos os que máis ganas temos de traballar —risas— e xa non só organizamos a festa.

**Precisamente en maio organizaron a terceira edición do Mercado Aos Pés de Cornería. Que balance fan da cita?**

Empezou tamén pola idea de facer un mercado aquí con 12 postos na primeira edición e este ano tivemos xa 46. Había un polbeiro que acabou tanto o polbo coma o xamón e veu xente de toda a Mariña e mesmo de Asturias, igual que os expositores que eran de distintos puntos. É algo



que anima moito porque ver o pobo como o ves no mercado era algo novo, aínda que na churrascada tamén xuntamos xente.

**Que preparan para este San Xoán?**

Temos a churrascada o día 15 e estamos vendendo os tickets anticipados para saber o que temos que comprar. Ese mesmo día temos un festival folclórico ao que vén o Arco da Vella de San Miguel e O Feitizo de Foz e dá o pregón Pili, que é a profesora.

**Está pensado para todos os públicos?**

Para todos. Na churrascada a maioría son de Vilaronte pero é para todos os que se animen. O ano pasado vendemos máis de 300 racións e este ano non sei se a superaremos, pero a venda vai ben porque aínda queda tempo e as primeiras semanas sempre vai máis lenta.

**Como está a ser a resposta por parte dos veciños?**

Moi positiva. Cando empezamos coa comisión eu nunca estivera nunha e todo o mundo me dicía: “Uf verás o que supón ter que pedir polas casas!”. Entón eu ía con medo e teño que dicir que non tivemos ningunha mala palabra. De feito, había veces

que timbrabamos e dicían: “Por fin chegaron os do San Xoán!”. Quedaba realmente sorprendida.

**Ese apoio tamén axuda a seguir.**

Fagamos o que fagamos axúdannos. Somos sete entón nós sós non damos organizado a churrascada, pero temos á xente de todos os anos que nos bota unha man, que nos din que xa teñen o día reservado. E iso anímame moito. E nas festas igual, varias por exemplo a orquestra para que guste a uns e a outros e para que estean contentos.

**Cales son as próximas citas que teñen en mente?**

Cando pasa o San Xoán descansamos, pero sempre sae algunha idea, e en decembro facemos o acendido de Nadal. Collemos unha árbore cunhas luces ou co que podemos e co que nos axuda o Concello e organizamos unha chocolatada.

**Asociacións como a súa son imprescindibles para manter a vida nas parroquias.**

Eu penso que si, hai que traballar moito, pero compensa ver a túa parroquia chea de xente como vimos estes anos pola festa. É un orgullo. De feito, xa nos preguntan a principios de ano cando é a churrascada.

# Entran en vigor as tarifas para os usuarios da residencia e centro de día

O Concello de Foz vén de adjudicar á empresa CK Sénior Gestión SL o contrato de concesión do servizo de residencia e centro de día por 9,3 millóns de euros. A competencia é da Xunta de Galicia, pero o Concello no ano 2016 tivo que solicitar autorización á Dirección Xeral de Administración Local para asumir e fíxoo co compromiso de que o servizo non suporía un aumento do gasto en ningún caso para o Concello.

As novas tarifas que deberán aboar os usuarios e que entran en vigor coa nova concesión son o resultado do estudo de viabilidade económica aprobado por unanimidade en pleno<sup>3</sup> e da oferta máis vantaxosa presentada no proce-

demento aberto de contratación. Durante o proceso de contratación houbo dúas ofertas: unha de IDEA que non ofertaba baixa sobre os prezos establecidos no estudo de viabilidade económica e outra de CK Sénior Gestión SL que ofertou unha baixa do 2 % sobre as tarifas marcadas no expediente de licitación.

Porén, “o Concello de Foz non vai permitir que ningún usuario da residencia se quede fóra por non ter recursos económicos suficientes para pagala. Por iso, nos orzamentos do ano 2024 aumentou a partida 231.48901 Axudas de Emerxencia Social dos 30.000 euros do ano 2023 aos 270.000 euros que recollen os orzamentos actuais”, din.

# Foz prepara unha nova edición da feira de gando A Espiñeira

A Feira de Gando A Espiñeira volve a Foz, á parroquia de Vilaronte o domingo 16 de xuño. A feira dará inicio ás 10.00 horas, ás 11.00 horas terá lugar a medición dos cabalos e ás 12.00 horas haberá sesión vermú con música, cantina e polbeira.

Como é habitual, os exemplares recibirán diversos premios en función das categorías ás que opten. Entregaranse un total de 45 trofeos: místico cabalo de cadeira, miss egua de cadeira, místico cabalo de tiro, miss egua de tiro, miss ou místico burricán, animal máis destacado, miss vaca, místico touro, animal máis engalanado e miss ou místico poldro do ano.

Ademais, ao longo da xornada os



asistentes tamén poderán gozar de carreiras. Por restricións sanitarias non se poderán levar exemplares ovinos, bovinos e caprinos. As inscricións pódense facer a través do 658 032 019.



Concello de Foz

**06, 07, 08, 14, 15, 16**  
**XUÑO 2024 FOZ**



**III CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO**

**“JOSÉ LUIS LÓPEZ LORENZO - O POTO”**

<b>XOVES 6 XUÑO</b>	20.00h   Casa da Cultura «DE MARZO A MARZO» <i>Opai Teatro</i>
<b>VENRES 7 XUÑO</b>	20.00h   Casa da Cultura «SALÓN ALFONSINA» <i>Vicus Teatro</i>
<b>SÁBADO 8 XUÑO</b>	12.00h   Sala Bahía «A VOLTA Ó MUNDO EN 80 NOTAS» <i>Asoc. Cultural Curuxán</i>
<b>VENRES 14 XUÑO</b>	20.00h   Casa da Cultura «O TRABALLO DE ANDREA» <i>Grupo de Teatro Ollomao</i>
<b>SÁBADO 15 XUÑO</b>	20.00h   Casa da Cultura «A LOLA» <i>Avelaíña Teatro</i>
<b>DOMINGO 16 XUÑO</b>	18.30h   Casa da Cultura «AVOA, XOGAMOS?» <i>Alentía Teatro (Palas de Rei)</i> <small>(FORA DE CONCURSO)</small>

## Melloran os camiños dos Fornos a Pesegueiro en Remourelle

Arrinca en Ribadeo Plan Avanza Rural coa licitación da mellora e ensanche dos camiños dos Fornos a Pesegueiro en Remourelle. O investimento ascende a 82.000 euros, segundo deu a coñecer o alcalde, Dani Vega.

Vega comentou que pouco a pouco actuarán en todas as parroquias, en todos os lugares, “porque necesitamos mellorar as nosas estradas e evidentemente nosoutros non temos

unha capacidade orzamentaria para arranxar todas as nosas vías, necesitamos orzamento doutras administracións”. Neste caso, a Xunta achega a maior parte.

Mellorarán todo o pavimento, tamén evidentemente “imos a darlle máis ancho a esa vía, iso xa o dicíamos cando estabamos na oposición, debemos darlle ancho ás nosas estradas e, evidentemente, vamos facelo así”.

### EN BREVE



**INTERCAMBIO.** Alumnado de 4º de ESO e 1º Bacharelato do IES do Dionisio Gamallo acompañados polas súas profesoras de francés, Ana Mauriz Digón e Natalia Pérez García, participaron nun intercambio cultural e lingüístico con alumnado dun centro educativo francés da rexión académica de Bretagne, o Lycée René Laënnec.



**RIBADEO DE TAPEO.** O salón de plenos do Concello de Ribadeo acolleu o acto de entrega de premios da XVIII edición do Ribadeo de Tapeo. Por unha banda, fíxose entrega dos galardóns aos establecementos gañadores e ás persoas consumidoras premiadas no concurso.



**RINLO.** O parque de Santa Catalina, en Rinlo, loce nova imaxe tras as melloras realizadas polo Concello. Arranxáronse as varandas deterioradas, os xogos infantís que estaban en moi mal uso, ou a fonte, que estaba anulada porque estaba esnaquizada e agora hai unha nova fonte.

## Gastronomía, música e pregón de Pilar Cagiao, no Ribadeo Indiano

A historiadora da USC Pilar Cagiao será a pregoeira do IX Ribadeo Indiano. As actividades previas á cita arrincarán xa o vindeiro 15 de xuño. “Están programadas diferentes visitas guiadas, obradoiros de repostería para o sector hostaleiro e para as familias así como diversas obras teatrais”, explica a concelleira de Turismo, Marta Saiz.

Na sede electrónica do Concello están colgadas as bases para participar no Mercado de Ultramar, que se desenvolverá na rúa San Roque o sábado 13 de xullo.

O prazo de inscrición está aberto ata o día 12 de xuño. Esta convocatoria leva como título *Alma de dous mundos* e será a historiadora da USC, experta na emigración, Pilar Cagiao, a que preegre este evento cultural. No pregón actuará o coro Sagrado Corazón interpretando músicas destes dous mundos e, seguindo a liña debuxada pola profesora Cagiao, estarán as conferencias desta edición dedicadas á gastronomía e as cartas de ida e volta entre outros temas.

A edil ribadense contou que “o sec-



tor servizos do noso concello é moi bo, pero imos tentar axudarlles un pouco ás persoas que non atopen onde comer nesa finde. Unha das novidades desta edición será un servizo de *catering* que servirá menús indianos”. Estará situado no Centro sociocomunitario, a carón do Concello.

A música será parte importante do Indiano, coma sempre, con concertos todos os días. “O máis esperado é o do domingo que chega de Alén Mar, na voz do dominicano Vicente García, gañador de 3 Latin Grammy no 2017, 2 no 2019 e outro no 2023”.

Pola súa parte, a presidenta de Acisa, Carmen Cruzado, asegurou que “milleiros de persoas vanse achegar do 12 ao 14 de xullo para gozar do noveno Ribadeo Indiano. A ocupación hoteleira é xa moi alta nestes momentos ao igual que as reservas para xantar e cear eses días na nosa vila. As persoas que aínda non teñan sitio para durmir ou para comer esas xornadas en Ribadeo, que non se demoren”.

A IX Edición da Festa Indiana de Ribadeo ten unha gran importancia cultural na vila e celebrárase os días 12, 13 e 14 de xullo.



## Realizan a mellora da área recreativa de Santa Cruz

O Concello de Ribadeo realiza traballos de recuperación e mellora da área recreativa de Santa Cruz coa axuda da Xunta de Galicia e coa coordinación da Comunidade de Montes. O alcalde, Dani Vega, explicou que seguen “colaborando coa Comunidade de Montes de Santa Cruz e nestes momentos estamos actuando nun desmeste das árbores, mellorando todo o solo da área recreativa, o miradoiro de Santa Cruz e tamén os monumentos, como é o monumento ao gaiteiro e tamén a cruz”.

O rexedor dixo que “estamos facendo un traballo de recuperación dun espazo medioambiental, dun

pulmón de Ribadeo, dese lugar que todos adoramos e queremos, que é Santa Cruz, e desde logo tamén estamos mirando un espazo turístico que debemos poñer en valor”.

O ano pasado xa se fixeran actuacións de poda e roza, “pero neste ano xa quedáramos en facer ese desmeste de árbores. Non tiña moito sentido permitir que Santa Cruz seguira así, cunha invasión de árbores, e hai que seguir traballando para recuperar todo un espazo que é moi importante para Ribadeo, desde un punto de vista medioambiental pero tamén desde un punto de vista turístico”. Tamén están a traballar para recuperar a Casa da Ría.

## Trinta aniversario da Escola de Música

A Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, continuando cos actos do trinta aniversario da súa creación, organiza unha comida de confraternidade. O xantar terá lugar o 22 de xuño ás 14.30 horas no Restaurante Voar. Esta comida está aberta a todas as persoas que queiran asistir.

O prezo do menú será de 36 euros para adultos e de 20 euros para menores de 12 anos. As inscricións poden facerse na Escola ou no propio restaurante ata o 17 de xuño.

## Festas de San Pedro en Rinlo o 28 e 29

Rinlo prepara o programa das dúas festas na honra a San Pedro. A festa comeza o venres 28 de xuño con cea popular a base de empanada, churrasco, chourizo, criollo, sobremesa e café.

A continuación os asistentes poderán gozar da orquestra Salsarena. O sábado haberá misa solemne e sesión vermú con Salsarena. A partir das 17.30 horas os máis pequenos poderán gozar de actividades e hinchables. A verbena estará amenizada por Salsarena e o dúo Epo-K.

## Invisten 70.000 euros na mellora das proximidades das praias

Adxudicadas as obras de mellora nas contornas das praias de Esteiro, As Illas, Os Castros e tamén no Cargadeiro, en Ribadeo. O investimento ascende a 70.000 euros e será sufragado integramente pola Xunta de Galicia e os traballos darán comezo nos vindeiros días. “Despois de todo un traballo feito, unha xestión fundamental para investir nos nosos espazos naturais, puntos turísticos importantes para Ribadeo como é Esteiro, As Illas, Os Castros ou o Cargadeiro, a Xunta de Galicia vai a poñer o 100 por cento do orzamento, en consecuencia non vamos ter que investir de fondos propios, de fondos municipais”, explica o alcalde, Dani Vega. Nos próximos días, empezarán a actuar para conservar, para reparar todos estes espazos. “Falamos de reparación de bolardos de madeira, substituílos por novos, a reparación de travesiros, tamén a reparación de pilastras de pedra, substituír todos eses puntos que están deteriorados. Hai que actuar tamén en puntos claves, como son os servizos, os espazos de fontes... que están



realmente abandonados. Temos a obriga de traballar para que puntos claves turísticos estean en bo estado. Tamén é importante actuar nos aparcadoiros, xa que vemos que hai un deterioro importante”.

Os traballos tamén se sucederán no Cargadeiro, “en toda esa madeira desgastada, incluso moitas táboas xa faltan, e vese tamén un deterioro na iluminación, no entorno do todo ese espazo, que necesita papeleiras”. Trátase de poñer ao día estes espazos, desde un punto de vista natural, da conservación do noso medio natural, “pero tamén son puntos cla-

ves, puntos turísticos que debemos conservar”.

**AS CATEDRAIS.** O Concello solicita melloras no acceso de entrada á praia das Catedrais e tamén a ordenación da zona destinada a aparcadoiro. Así llo expuxo o alcalde á directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, que visitou o emblemático areal. O rexedor explicou que o motivo desta visita foi “para detectar onde hai que facer certas melloras, unha inversión necesaria para conservar o espazo das Catedrais, tanto o acceso como o aparcadoiro actual”.

## A comisaría da Policía trasládase á antiga Casa de Teléfonos



O inmoble da antiga Casa de Teléfonos xa é propiedade do Concello de Ribadeo e destinarase á nova comisaría da Policía Local. O Concello adquire o espazo como ben público aínda que “este edificio tiña que estar entregado no 2021 e estamos no 2024”, asegura Vega. O rexedor municipal sinalou que a empresa tiña que entregar un edificio rehabilitado no 2021, “pero as obras non existían e tivemos que falar con eles e apurarnos para que se concretaran”. Agora o edificio está nos bens inventariados do Concello, “polo tanto é un edificio de todos e hai que darlle un uso. Nisto tamén pensamos,

había distintas posibilidades, pero nós queremos ordenar un sistema administrativo de servizo público con todo no entorno do Concello e do Xulgado de Paz”.

A instalación albergará a comisaría “pensando nos propios axentes, que nestes momentos máis ben están en calabozos que nun edificio digno”. E tamén hai que pensar que as actuais dependencias “non cumpren as medidas de accesibilidade polo que unha persoa que ten unha certa discapacidade non pode entrar a facer calquera tipo de trámite na Policía. Polo tanto todo parece indicar que este edificio é o máis conveniente”

## Asinan un convenio para financiar as obras no centro de día da vila

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ribadeo asinan un convenio de colaboración para financiar obras no centro de día A Concordia. O investimento ascende a 50.000 euros e irá destinado a mellorar a accesibilidade e o equipamento, á eliminación de humidades e a traballos de pintado. Asinaron este convenio o xerente do Consorcio, Perfecto Rodríguez, e o alcalde, Dani Vega, acompañados polo delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias; a concelleira de Benestar Social, Elena Sierra; e o traballador social municipal, José Luis Gegunde.

“Xa o ano pasado fixemos unha primeira intervención para mellorar toda a carpintería exterior deste edificio tan singular que acolle este centro de día. E agora vamos seguir facendo reformas para que pouco a pouco siga tendo unhas condicións ideais para a atención aos nosos maiores”, asegurou Perfecto Rodríguez. Neste caso, van mellorar o espazo exterior, para que haxa unha zona de recreo para os maiores ben accesible.

Ao mesmo tempo faranse intervencións no interior e reposición de mobiliario e contratarán unha climatización da galería do centro de día para esa zona, “que cremos

que vai ser dun uso ideal para os maiores”. En total entre o convenio e esta intervención investirán 65.000 euros, que vai executar na súa maior parte a través deste convenio o propio Concello, como titular do inmoble. O xerente do Consorcio destacou “a preocupación que o Concello de Ribadeo, a través o seu alcalde desde a súa chegada, está tendo para que este centro teña mellores condicións”. O alcalde, que agradeceu o traballo realizado pola Área Benestar Social e polos traballadores do centro, manifestou que o Concello desde hai un ano abriu as portas ao investimento.

## O BNG reclámalle á Sanidade que repare as humidades do centro de saúde local

O BNG de Ribadeo reclámalle á Consellaría e Sanidade que repare as goteiras e humidades que hai no centro de saúde de Ribadeo. Aseguran que xa hai meses que se arrastran problemas derivados das intensas chuvias que están a caer e denuncian a incapacidade da Consellaría de Sanidade para buscar solucións a este problema.

Os nacionalistas tamén destacan que, en sesión plenaria, o rexedor municipal chegou a deslizar insinuacións sobre certo persoal, “non do

concello precisamente” e, días máis tarde, aparentou un enfado “elefantiásico” por mor da carencia de servizo pediátrico no centro de saúde ribadense. Deste xeito, queren lembrarlle, a través dunha moción, a necesidade de que a Xunta busque a solución inmediata aos problemas do actual centro de saúde.

“Non pode ser que o persoal sanitario teña que facer fronte ás posíbeis baixas nin tampouco que estean a expensas de posíbeis danos nas instalacións do centro de saúde”.

# Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



## Denuncian a falta de persoal na residencia

Durante a época da pandemia, a Xunta de Galicia contratou a persoal de varios colectivos para reforzar os centros, debido ao incremento de actividade durante este período. Pouco a pouco foino cesando, agás aquel que seguía sendo preciso para dar atendido as necesidades dos usuarios. Dende o Comité de empresa da Consellería de Política Social en Lugo aseguran que, nos últimos meses, cesaron a todos aos que o seu contrato chegaba aos tres anos de duración e pasarían a ser indefinidos, non interesando isto a Xunta xa que tería que crear postos novos a pesar da súa necesidade.

O comité leva demandando á Consellería desde antes do cese deste persoal a necesidade da creación

estrutural destes postos, debido a súa necesidade para poder ofrecer unha atención de calidade aos seus usuarios. Especialmente destacan os postos de enfermeira na residencia das Gándaras e de camareira/limpadora nas residencias de Burela e da Milagrosa.

Aseguran que nestes centros quedan quendas descubertas ou días de semana con persoal do servizo por debaixo dos mínimos, e tendo que facer fronte desas tarefas o resto do colectivo, creando sobrecarga de traballo e malestar entre o persoal. Por todo isto esixen á Consellería de Política Social e a Emprego Público a creación urxente destes postos de maneira estrutural e a incorporación inmediata de persoal a eles.

## A mestra local Edelmira Praga foi premiada polo seu espírito integrador

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, participou na entrega de premios estatais do Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade escolar nos centros educativos e a súa contorna, concedidos polo Ministerio de Interior e que este ano se celebraron no Centro Público Integrado CPI do Toural de Vilaboa, un dos colexios premiados nesta edición, xunto coa profesora Edelmira Praga, do Instituto IES Perdouro de Burela. A mestra Edelmira Praga recibiu o galardón polo seu traballo a prol

da convivencia nas aulas e, en especial, “a prol da integración dun colectivo moi particular, o do alumnado de Cabo Verde”.

O Plan Director é un proxecto desenvolvido en toda España que busca sensibilizar, prever e detectar as situacións de risco entre o alumnado, así como mellorar o coñecemento sobre os recursos policiais para contribuír á súa seguridade. No acto entregáronse unha trintena de premios a centros educativos e equipos docentes de toda España, así como a Gardas Cívicas e Policías Nacionais.

## Burela aproba os orzamentos, que ascenden aos 8 millóns de euros

O Pleno da corporación municipal de Burela aprobou os orzamentos do Concello do ano 2024, a pesar dos votos en contra do Partido Popular. “Valoramos moi positivamente os esforzos dedicados tanto polo equipo de goberno como polos técnicos municipais que participaron na elaboración dos orzamentos”, sinala a concelleira de Facenda, Patricia Eijo. O orzamento para o exercicio 2024 ascende a un importe global de 8.350.591,64 euros, logrando un incremento do 7,35 % respecto do ano anterior. “Son uns orzamentos traballados e revisados partida a partida, que cumpren co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co principio de prudencia, cun equilibrio entre gastos e ingresos”, afirma Eijo.

No cuadrante de ingresos, as transferencias correntes e os impostos directos son as dúas partidas máis cuantiosas, que supoñen unha porcentaxe do 45 % sobre o total no pri-

meiro caso, e do 32 % no segundo. O 21 % corresponde coas taxas e prezos públicos. “Este é un tributo por un servizo que beneficia directamente ó interesado que o solicita, son os vados, as terrazas e marquesiñas ou as licencias de apertura”, subliña a concelleira. O incremento con respecto ó último orzamento do ano 2022 “véñ motivado pola actualización dos índices dos últimos 2 anos”, engade. Con esta contía “fortalecemos as políticas de apoio ó ámbito social, cultural, comercial, educativo e deportivo, xa que se incrementou en algo máis de 89.000 euros o capítulo correspondente”.

Tamén se prioriza garantir a prestación de servizos básicos no municipio, “un capítulo no que se inclúen os subministros, as reparacións ou o alumeado, o que supón un 48 % do total do gasto”, explica.

Ademais, destacan a aportación do Plan Único da Deputación de Lugo,

que supón a maiores 378.027,06 euros para o concello. A rexedora criticou que “o Concello teña que facer fronte a un gran número de gastos impropios, que son parte das competencias da Xunta de Galicia pero que esta non asume”. Teñen que asumir “preto dun millón de euros en servizos sociais, educación e SAF que debería poñer a Xunta, as súas subvencións non son suficientes”. Por outra banda, “cómpre lembrar tamén que o Concello conta cun aforro importante que está a empregar para as obras que se están executando na actualidade, coa incorporación do remanente que vimos facendo nos últimos plenos”, sinala a alcaldesa. Dese xeito, os case 150.000 euros de inversión que figuran no orzamento non reflicten o total de investimento real que se está a realizar grazas ao Plan Único e aos Remanentes de Tesourería do noso Concello”. conclúe.



## A vila acolle a segunda edición do Campamento Musical Asuembu

Burela acollerá, entre os días 27 e 30 de xuño, o 2º Campamento Musical Asuembu. Este campamento está orientado ás especialidades de corda fretada, piano e vento. A asociación de usuarios da Escola de Música local ASUEMBU organiza por segunda vez esta iniciativa, que culminará nun Gran Concerto Final na Casa da Cultura, coa colaboración do Concello. Está dirixida a maiores de 8 anos. “Dende a área de Educación do Concello de Burela estamos encantados de colaborar con iniciativas deste tipo, sobre todo despois do éxito do pasado ano, que fai que se espere unha gran participación para este ano”, sinala o concelleiro Mario Píllado.

Os rapaces e rapazas, pequenos grandes músicos, desfrutarán das

ensinanzas dos docentes, “así como tamén dos concertos e das actividades organizadas dentro do propio campamento”, afirma o edil. As prazas son limitadas, e a inscrición deberá realizarse antes do 15 de maio. Terá un prezo de 150 euros, de 75 no caso dos socios, e no caso de varios irmáns ou irmás, o prezo será de 110 euros para a primeira inscrición e 75 euros para a segunda.

A presentación do campamento será o día 27 de xuño ás 15.00 no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme. O 29 de xuño terá lugar un Concerto de Cámara ás 19.30 na Casa da Cultura. O Gran Concerto Final será ás 18.00 do 30 de xuño, domingo, tamén na Casa da Cultura. Para máis información sobre o campamento pódese contactar co número 644 894 714.

## Ledicia abre o prazo para os carteis da Feira do Bonito

Ledicia convoca o concurso de carteis co gallo da celebración da XXXVIII Feira do Bonito, que terá lugar o 3 e o 4 de agosto na zona portuaria de Burela. Haberá dúas categorías: para concursantes ate 14 anos e para maiores de 14 anos.

Poden participar tódalas persoas que o desexen, cun ou varios traballos que se entregarán sen asinar e acompañados dun sobre pechado cos seus datos no interior indicando no exterior a categoría na que concursan. O tema debe ter relación co bonito ou coa exaltación da Feira. O encabezamento do traballo será XXXVIII Feira do Bonito, e deben aparecer tamén o lugar e data de celebración Burela 3 e 4 de agosto de 2024

A técnica a empregar é libre, pero os traballos que se presenten en soporte informático, deben acompañarse dun exemplar impreso. As medidas para os traballos son: de 15 X 20 cm para os participantes de ata 14 anos e de 50 x 65 cm para os maiores de 14.

Os orixinais poden entregarse ata o día 19 de xuño de 2024 no local social da Sociedade Cultural Ledicia – rúa do Ril, 4 entr/baixo – 27880 – Burela, de xeito persoal os mércores entre as 20.30 horas e as 22.30 horas, por correo se non se puidese acudir ao local, pódese entregar a algunha persoa da xunta directiva.

### ENVELLECIMENTO ACTIVO



Celebrouse a última sesión de ximnasia para persoas maiores do concello deste curso. A concelleira de Servizos Sociais, Alejandra Fernández Cillero, aproveitou a ocasión para poñer en valor a importancia de “promover o envellecemento activo da poboación a través de iniciativas como esta”.



# Burela estreita lazos con Cabo Verde cunha visita institucional

O Goberno Local de Burela recibiu a visita do Ministro das Comunidades da República de Cabo Verde, Jorge Santos, na casa consistorial. Foi recibido pola alcaldesa de Burela, Carmela López, e o concelleiro de Inmigración, Mario Pillado. A continuación, o ministro visitou as instalacións portuarias do municipio, e despois participou nunha reunión técnica con representantes de diferentes colectivos, logo nunha presentación con toda a comunidade caboverdiana de Burela.

O obxectivo principal da visita foi o de presentar a aplicación para móbil do Portal Consular de Cabo Verde, na que a comunidade poderá realizar todo tipo de trámites ante o consulado, como os relativos ao pasaporte, dende o seu dispositivo persoal. Na reunión mantida entre o ministro e o seu equipo técnico con representantes da comunidade caboverdiana no municipio tramitáronse xa algúns pasaportes coa nova app.



Jorge Santos aproveitou a ocasión para convidar de xeito oficial ao Goberno local de Burela a visitar Cabo Verde. A alcaldesa Carmela López agradeceu o convite, “que servirá para seguir traballando na alianza entre Burela e o país africano”. Pola súa banda, o concelleiro de Inmigración e Cooperación, Mario Pillado, destacou que a creación da app é “un gran avance para toda a comunidade burelá”.

Un dos obxectivos da área de Inmi-

gración é “lograr facilidades á hora de levar a cabo trámites burocráticos para as diferentes comunidades que viven no noso Concello, e este é un gran paso en firme nesa dirección”, explica o edil. “Ademais a visita do ministro Jorge Santos e o seu equipo serviu para estreitar os lazos de colaboración tanto co goberno de Cabo Verde coma coa embaixada en Madrid, algo que nos serve para seguir dando pasos de cara ó futuro”, concluíu.

# Reparan os paseos marítimos da vila para preparalos para o verán

Estase a realizar a reparación dos paseos marítimos do municipio, que sufriron desperfectos logo dos últimos temporais, de cara á época estival. “No paseo do Cantión xa se actuou, está totalmente reparado, e actualmente estase actuando no paseo da Marosa”, explica o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey.

O edil afirma que para o Goberno local “é unha prioridade o mantemento dos paseos marítimos, coa fin de telos no mellor estado posi-

ble de cara ó verán, reparando os tramos deteriorados polos temporais”. Ademais, tamén se realizaron obras de reparación no espigón da praia da Marosa, en colaboración coa Dirección Xeral da Costa e o Mar do Goberno de España.

“Costas colabora unha vez máis co Concello na reparación do espigón, xa que todos os anos este sofre as inclemencias meteorolóxicas”, sinala Fernández Rey. “A colaboración co Estado neste eido é total”, engade. Ademais disto, o

Concello xa ten adjudicado o servizo de roza de camiños e de pistas e está preparando xa o acondicionamento de todas as praias para o verán.

A previsión é que neste mes comencen os traballos nas praias e se organice o servizo de limpeza das mesmas. “O Concello móvese para que Burela estea no mellor estado posible tanto para a veciñanza como para a xente que nos visite en verán, que agardamos que sexa moita”, subliña Fernández Rey.

# Fin da iniciativa veciñal Corazón Solidario



Celebrouse en Burela a última xornada do Curso de Bordado 2023/2024, que se desenvolveu dende o 15 de setembro de 2023 ata o pasado 15 de maio coa participación de máis de 50 mulleres. Nela, a concelleira de Servizos Sociais, Sandra Fernández, quixo poñer en valor a iniciativa Corazón Solidario, “que xurdiu dunha muller de dito curso que superou un cancro de mama e coa que se conseguiu doar ao Hospital Público da Mariña varios coxíns terapéuticos

artesanais realizados de xeito altruísta”.

As telas foron aportadas por participantes do curso e persoas que as mercaron nas tendas da vila, e o Concello aportou as bolsas feitas na Fundación Eu Son, nas que se entregaron os coxíns terapéuticos ao hospital. “Dende o Concello de Burela apoiámos e seguiremos apoiando todas as iniciativas que, como esta, xorden en favor da nosa comunidade”, concluíu Fernández.

## A ÚNICA CENTENARIA DO CONCELLO



O Concello de Burela felicita á veciña Rosario Balseiro Valle polo seu 100 aniversario, converténdose na única persoa centenaria do municipio. A alcaldesa de Burela, Carmela López, e a concelleira de Igualdade e Servizos Sociais, Sandra Fernández, visitaron persoalmente a Rosario para celebrar os seus 100 anos con tarta e brindando.

**HONDA XL750 Transalp**

**Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**TRANSALP**  
Las montañas te llaman.

Camiño Real, 125. 27004 Lugo  
Telf: 982 21 57 31  
Móvil: 698 17 91 81

**MADERAS BARCIA**  
Compra y explotación forestal

Lg/ Outeiro, núm. 3- San Xurxo- 27751 LOURENZÁ (Lugo)

maderasbarciasl@gmail.com  
Tfños. 636 06 85 94 - 982 12 13 87

## O Lois Tobío gaña as primeiras Olimpíadas Nacionais Escolares de Seguridade Vial

O alumnado de 5º de primaria do CEIP Lois Tobío de Viveiro vén de proclamarse campión nas I Olimpíadas Nacionais Escolares de Seguridade Viaria, celebradas en Narón. A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, quixo felicitar “en nome do Concello á rapazada do Lois Tobío por esta merecidísima vitoria e por poñer en valor a importancia da seguridade viaria”.

O evento tivo lugar o pasado xoves 9 de maio no Pazo da Cultura de Narón, e contou con participantes das provincias de Navarra, Madrid e Ávila, así como de Viveiro e de Narón. A competición organizase por primeira vez a nivel nacional, e contou coa colaboración do Concello de Narón e da Federación de Autoescolas.

## Abre o prazo para solicitar praza nas escolas oficiais de idiomas

A Xunta abrirá o 24 de xuño o prazo para solicitar praza nas escolas oficiais de idiomas para o vindeiro curso 2024-25. Actualmente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP conta con 11 escolas oficiais de idiomas con un total de 28.500 alumnos matriculados.

Para acceder a súa formación é necesario ter 16 anos cumpridos no ano natural en que se comecen os estudos, aínda que aquelas persoas que teñan cumpridos os 14 anos poderán seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na Educación Secundaria Obrigatoria como primeira lingua estranxeira.

No caso dos alumnos de novo ingreso para o nivel básico A1 de calquera dos idiomas impartidos nas EOI, deberán realizar unha preinscrición en liña entre o 24 de xuño e o 5 de xullo. Cada persoa poderá presentar unha única solicitude con tres preferencias priorizadas de grupos nun máximo de dous idiomas. A adxudicación de prazas realizarase nun acto público o día 8 de xullo ás 9.00 horas.

O alumnado de nova incorporación que obteña praza no dito sorteo de preinscrición deberá matricularse entre o 9 e o 19 de xullo. No caso do alumnado matriculado no actual curso 2023-24, e que desexa continuar estudos no curso 2024-25 no mesmo idioma e escola, deberá formalizar a matrícula entre o 18 e o 28 de xuño en convocatoria ordinaria.

## O PP analiza a xestión do Goberno local

O Grupo Municipal Popular suspende ao goberno municipal por “un ano perdido” e lamenta que asociacións centenarias como a Banda de Música cesen a súa actividade. “Viveiro agoniza e a alcaldesa reconece que a situación a supera e por iso solicita continuamente que outras administracións asuman as competencias”, segundo consideran os populares.

A portavoz do PP de Viveiro, Mariña Gueimunde, censura a “mala xestión” do Goberno de PSOE e BNG un ano despois das eleccións municipais que “prexudica ao Concello e aos viveirenses” poñendo como exemplos a bicefalia, a incapacidade por sacar adiante os orzamentos, a lamentable situación económica do Concello, a ausencia de mantemento que pon en risco ao patrimonio municipal ou os incumprimentos do programa.

Ademais, censura que “esa falta de coordinación” desemboca “nunha mala xestión dos recursos”; ademais

de que “non asumen responsabilidades”. A popular subliña que “o BNG fai oposición dende a tenencia de alcaldía” e “avergóñase da xestión das concellerías do PSOE e do proceder da alcaldesa” como se desprende “das súas declaracións públicas”. Sostén que o Concello de Viveiro está sen orzamento porque “o goberno non tivo vontade de sacalos adiante”.

De feito, “nin cumpren a palabra co socio de investidura ao non incluír inversións do acordo programático, nin contan coa oposición a pesar de estar en minoría”. É máis, “presentan un orzamento irreal que finalmente cuadruplica os gastos previamente consignados”. Gueimunde subliña que “a alcaldesa ten a opción de presentar unha moción de confianza” polo que a convida a “ser valente e propoñela sen tardar. Se sae aprobada quedarían aprobados os orzamentos por decreto desbloqueando a situación e continuando pola senda do despropósito”.

## O Ministerio impulsará o turismo gastronómico no Spain Culinary Villages



O Ministerio de Industria e Turismo notificou aos concellos implicados no proxecto Spain Culinary Villages, entre eles Viveiro, a aprobación e posta en marcha da iniciativa. O proxecto, que contará con fondos europeos, inclúe a varios municipios de España pola calidade dos seus restaurantes e alimentos, co obxectivo de desenvolver o seu turismo gastronómico e sostible.

Os concellos que forman parte da rede son Ezcaray (A Rioxa), Alcalá del Valle (Andalucía), Viveiro, Moratalla (Murcia) e Parrés (Asturias). Na pasada edición de Fitur, o Concello de Viveiro aportou ao proxec-

to o percorrido e a traxectoria do restaurante Nito, rexentado pola familia Balseiro dende 1970. O local conta con 2 soles Repsol e foi recoñecido en Madrid Fusión como unha das seis mellores mariscarías de España. “A nosa gastronomía é un dos moitos atractivos da nosa vila, cunha ampla oferta culinaria de gran calidade. Pertencer a esta rede consolida a nosa posición como destino gastronómico”, sinala a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro. O proxecto desenvolverá diferentes actividades e iniciativas nos concellos da rede para promocionar a súa gastronomía.



**DEFICIENCIAS.** O PP pide “corrixir as deficiencias no paseo marítimo de Covas derivadas da falta de mantemento por parte do goberno municipal durante anos” Así, os concelleiros esixiron ao Goberno municipal que “adopte as medidas necesarias para reparar os numerosos danos do paseo”. Tamén advertiron do mal estado “da vía que comunica Fonte de Covas ata a Ponte de Feve, nas Pallaregas, na parroquia de Covas. Máis concretamente, subliñan que “ten moitas fochancas e afundimentos no firme”.

Así mesmo, os populares expoñen que “a situación económica é lamentable” con preto de 8 millóns de euros de débeda nos bancos, 835.000 euros de facturas pendentes do ano pasado das que só se pagaron a metade con cargo ao remanente, asociacións sen cobrar e os servizos básicos comprometidos. Gueimunde citou algunhas das deficiencias no patrimonio municipal que o po-

ñen “en risco pola falta de atención e mantemento”: goteiras no teatro, no pavillón municipal no centro comarcal, no ximnasio, vasos inoperativos na piscina, torretas da luz sen poñer en Marcos Gómez, desprendementos na fachada do conservatorio, a Casa dos Maestros en mal estado, o centro social de Pénjamo abandonado e os accesos e muros do cemiterio sen arranxar.

## Javier Arias, crítico coa xestión do PXOM por parte da alcaldesa

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, sinalou durante unha visita a Viveiro para participar co director xeral de Maiores, Antón Acevedo, nun acto organizado pola residencia Betania, que a alcaldesa debe facer unha labor de autocrítica e reflexionar sobre a súa xestión no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Viveiro, antes de botar as culpas aos demais pois a primeira que actuou mal foi ela. Así, afirmou que leva preto de 13 anos traballando nun PXOM que contaba con numerosas eivas, como se lle trasladou desde o primeiro momento desde distintos departamentos da Xunta.

No que respecta á Augas de Galicia, este órgano actuou coa máxima celeridade e responsabilidade en todas as xestións que tivo que realizar nos últimos anos vencelladas co plan xeral de Viveiro. De feito, as últimas solicitudes de información do Concello de Viveiro a Augas de Galicia foron respondidas en menos dun mes e atendéronse todas as cuestións coa máxima rapidez dentro do laborioso que son este tipo de trámites.

A finais de 2022 emitíuse informe favorable desde Augas de Galicia, polo que pasou case ano e medio no que non se aprobou definitivamente o PXOM, cuestión da que para nada se pode responsabilizar a Augas de Galicia, aseguran. En canto a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o plan xeral conta co informe favorable da desde xullo do 2017.

Na súa resolución, indicábanse cuestións puntuais que debían integrarse no documento para a aprobación definitiva do plan. Previamente, en xaneiro do 2013, Patrimonio emitira informe desfavorable solicitando a modificación de distintos puntos ao Concello de Viveiro, pero este non acreditou a inclusión das correccións necesarias ata abril do 2017.

En todo caso, durante ese período a colaboración coa Administración local foi constante, e contrastable nos contactos entre o equipo redactor do PXOM e a Subdirección Xeral de Protección para clarificar dúbidas e determinar as previsións do documento final en materia de protección do patrimonio cultural.

# O Resurrection Fest 2024 contará coa participación de 89 bandas

Os vindeiros días 26, 27, 28 e 29 de xuño volverá a poñerse no mapa mundial Viveiro, A Mariña e o conxunto da provincia de Lugo grazas ó Resurrection Fest, que este ano reunirá a 89 bandas nun dos carteis máis grandes e ambiciosos, dado que máis de 60 delas nunca actuaron antes en Viveiro e outras 17 nunca o fixeron en España.

Este ano o Resurrection Fest contará con bandas como Alice Cooper, The Offspring, Avenged Sevenfold, Sum 4, Machine Head, Megadeth, Bad Omens, Babymetal, Electric Callboy, Acept, Fear Factory, Delain, Sôber, Finntroll, Crystal Lake, Biohazard, Comeback Kid, Cromags, Bob

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou coa alcaldesa de Viveiro, María Loureiro García, un acordo de colaboración para impulsar a proxección da 19ª edición do Resurrection Fest cunha achega da institución de 150.000 euros.

José Tomé deixou de manifesto que a institución provincial ten un compromiso firme co Concello de Viveiro e co festival para contribuír á súa celebración porque “é moito máis que música, o Resurrection Fest é unha celebración cultural de gran importancia para a nosa provincia e para toda Galicia”. “Estamos comprometidos con seguir colaborando co Resurrection Fest para asegurar o seu éxito continuado e para fomentar o seu impacto positivo na Mariña e na provincia de Lugo”, afirmou.

Ao longo dos anos, lembrou o mandatario provincial, o Resurrection Fest converteuse nun referente no panorama musical, atraendo a milleiros de persoas de todas partes do mundo. “A súa contribución á promoción do noso territorio non ten precedentes, e por iso é fundamental que sigamos apoiando este



tipo de eventos non só a nivel económico, senón tamén a nivel social”. Agradeceu ao Concello, a todos os organizadores, voluntarios, patrocinadores e colaboradores “que fan posible que o Resurrection Fest sexa un éxito ano tras ano o seu traballo e dedicación”.

Así mesmo, explicou que se trata dun evento “que concorda perfec-

tamente co modelo de turismo polo que apostamos na Deputación. Vivir experiencias, desfrutar da música e compartir momentos únicos con xente de todo o mundo nun enclave espectacular como é a comarca da Mariña”. Nas súas palabras, o presidente evidenciou que o festival conta cunha alta calidade musical e xera un retorno “moi importante”.

## A música electrónica darase cita no ETHER

A sétima edición do festival de música electrónica ETHER – An Electronic Odyssey realízase nos días 18, 19 e 20 de xullo no Parque da Misericordia, xunto á capela do Ecce Homo. A principal novidade será o aumento de días e un cartaz composto por máis de 18 artistas nacionais e internacionais, sendo a maior aposta da historia do festival. Na edición deste ano continúan a apostar nun line-up moi coidado e variado en termos de artistas e estilos

musicais, para satisfacer tanto os gustos dun público máis veterano como de un público novo. Neste sentido, a filosofía do festival mantense intacta: traer para Viveiro os mellores talentos da emerxente escena electrónica europea.

Ether–An Electronic Odyssey é un festival onde se pode desfrutar non só dunha experiencia do mais alto nivel, mais tamén da natureza, gastronomía e lecer que Viveiro e A Mariña ofrecen no verán.

## Amplían o servizo de praias para este verán

O servizo de praias do Concello de Viveiro será, por primeira vez, do 1 de xuño ao 30 de setembro. “Ampliamos este ano un mes o servizo de praias, que inclúe a apertura dos aseos, a limpeza diaria dos areais, o desbroce do paseo marítimo en Area e Covas, os cribados e a colocación das pasarelas de acceso ás praias”, explica a tenenta de alcaldesa do Concello de Viveiro e responsable da área de medio ambiente, Míriam Bermúdez.

Viveiro espera un verán de alta ocupación e o Concello quere dar

o mellor servizo tanto á veciñanza como aos turistas. “Ademais, poñemos en marcha novas medidas para protexer as dunas da praia de Area, cumprindo cos criterios requeridos para a bandeira azul e a Q de Calidade”. Entre as actuacións de protección, está a retirada de tres duchas que están na duna reubicando unha no paseo e, por outra parte, este verán non se vai facer nada para cambiar o transcurso do río, ao estar prohibido por Medio Ambiente. Por outra parte, os colectores de lixo estarán nos accesos ao areal.



## Comeza a humanización da rúa do Porto

Deron comezo as obras para a humanización da rúa do Porto, unha transformación integral que inclúe a pavimentación e renovación de todos os servizos da rúa.

Trátase dun proxecto que abarca unha zona moi ampla no cruce formado pola rúa Lavadeiras, a LU-P-6612 e a rúa do Porto de Ce- leiro, acceso principal de vehículos e peóns á fachada marítima de Ce-

leiro. O proxecto contempla o movemento de terras e demolicións; pavimentación de beirarrúas e zonas de aparcadoiro; a reposición da rede de saneamento, pluviais, abastecemento e alumeadado público; así como a canalización da electricidade, as telecomunicacións, a dotación de xardinería, mobiliario urbano e sinalización horizontal e vertical da zona.



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO







RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

## Covas presenta o programa do San Xoán

Covas presentou o programa para as festas de San Xoán Bautista que terán lugar do 22 ao 26 de xuño. A celebración comeza o día 22 cunha gran foliada a partir das 20.00 horas no campo da festa. O domingo haberá sesión vermú coa orquestra Trébol que tamén estará na verbena acompañada polo grupo Zona Zero. A partir das 00.00 a veciñanza poderá gozar dunha gran lumeirada. O luns haberá pasarrúas con Cacharela de Covas, misa, procesión coa Banda da Misericordia e sesión vermú con Salsarena, que amenizará a noite xunto coa orquestra Marbella. O martes haberá pasacalles con Non cho digo e Cacharela de Covas e sesión vermú con Costa Dorada, que actuará de novo pola noite. A partir das 20.00 horas poderase gozar dunha gran sardiñada no campo da pasqua. O mércores 26 é o día do neno, no que haberá atraccións no campo da festa a prezos populares.



**FESTAS EN CELEIRO.** Celeiro presenta o programa das súas Festas Patronais e do Mar. A cita será do 25 ao 28 de xuño con verbenas e sesión vermús para amenizar as xornadas. O día 25 chega o grupo Talismán e Nightwave, seguiránlle o venres o grupo Ritmo e Conxuro. O sábado actuarán Alabam e Alejandro Martínez e pecharán as celebracións Kalima 3.0, que fará unha sesión vermú extensa e haberá Diverneno para os cativos.

## Inauguran a biblioteca da Escola de Idiomas Luz Pozo Garza

Viveiro celebrou a inauguración da biblioteca da Escola de Idiomas Luz Pozo Garza. A cerimonia foi presidida por Ana Díaz, responsable da biblioteca, xunto a Rocío Gayoso, directora da Escola de Idiomas, nun evento que atraeu a numerosos membros da comunidade.

Ana Díaz subliñou a importancia desta nova biblioteca como un recurso esencial para os estudantes e a comunidade en xeral. “Estamos encantados de abrir este espazo que é un centro de coñecemento e inspiración, onde as palabras cobran vida e as mentes exploran novos mundos, e máis aquí, en novos idiomas” declarou. A biblioteca será “un pilar fundamental na nosa misión de promover a aprendizaxe de idiomas e a cultura”, engadiu Rocío Gayoso. Despois da inauguración, a recoñecida autora Irene Rega Jul presentou o seu libro Tecendo Redes, ofrecendo unha charla que cativou aos asisten-



tes. A autora compartiu detalles sobre a súa obra, creando un ambiente de diálogo e reflexión. A xornada continuou con sorteos entre os presentes, e todos recibiron agasallos conmemorativos. Os asistentes tamén gozaron dun aperitivo que lles permitiu socializar e celebrar a apertura da nova biblioteca.

Os convidados tiveron a oportunidade de explorar o novo mobiliario e espazos, que inclúen novas seccións

temáticas, unha ampliada colección de fondos bibliográficos, e os últimos dispositivos tecnolóxicos destinados a mellorar a experiencia dos usuarios. Estas melloras reflicten o compromiso da biblioteca coa innovación e a accesibilidade.

A Biblioteca da Escola de Idiomas Luz Pozo Garza de Viveiro creou durante este curso varias actividades dinámicas que favoreceu a unión entre a comunidade educativa.

ourol

## Primeiras confirmacións do Festival Aturuxo de Bravos

Loita Amada, Tecor Societario, Caxa Salom e Ugia Pedreira estarán no Festival Aturuxo de Bravos, que se celebrará os días 19 e 20 de xullo. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co alcalde de Orouro, José Luis Pajón Camba, a través do que a institución provincial destina preto de 20.500 euros para o evento. “Unha cita con entrada gratuíta creada para fomentar e dinamizar a parroquia de Bravos a través da música, pero tamén para promoción do territorio”, afirmou José Tomé.

Os avances do cartel amosan que será unha edición moi atractiva e que “contribúe a difundir e a poñer en valor a nosa riqueza cultural, a música e tradicións e, ao mesmo tempo, dinamiza a vida social e a economía no noso rural, e atrae un turismo de calidade e sostible, o modelo polo que apostamos dende a Deputación de Lugo porque cuida o patrimonio e deixa valor no territorio”.

A música que ameniza este festival é sempre en galego, música folk, rock, pop, e incluso xogando co humor, “algo que nos parece moi a destacar, ao tempo que os veciños e veciñas de Bravos se involucran, algo que é fundamental para o éxito de iniciativas deste tipo”, afirmou José Tomé.



Para o presidente, a organización deste certame en Bravos “pon en evidencia o que defendemos dende a Deputación. O noso rural non está baleiro, senón que está cheo de ideas e de propostas. O que necesita son políticas públicas para saír adiante”. Así mesmo, aproveitou a ocasión para convidar aos veciños e veciñas da comarca e da provincia a achegarse a Orouro “para gozar deste festival único e gratuíto, e para coñecer a parroquia de Bravos, un lugar que conta con moita tradición e historia”.

O Festival Aturuxo defínese a si mesmo como un festival diferente para público familiar, inclusivo e próximo, onde a diversidade e a cultura galega son as protagonistas. O entorno rural no que se leva a cabo é o escenario

perfecto para que as diferentes xeracións compartan as potencialidades de cada unha e que todos se fagan conscientes da importancia de cuidar o patrimonio sociocultural e ambiental.

O XII Festival Aturuxo celébrase en dúas xornadas: 19 de xullo pola tarde-noite e 20 de xullo durante toda a xornada. O venres celebrárase a tradicional cea de irmandade e posterior concerto de grupo a pé de rúa, para logo rematar cunha foliada popular. O sábado, a música soará dende o mediodía e pola tarde haberá xogos interxeracionais, obradoiros e actuacións cómicas ou teatrais, dirixidas a todos os públicos. Haberá dispoñible servizo gratuíto de autobús para facilitar os desprazamentos.

## O Concello inicia os traballos de auditoría do alumeado público

Comezan os traballos de auditoría das instalacións exteriores do alumeado público municipal. A empresa Energal, especializada neste tipo de tarefas, é a encargada dos traballos de campo, que farán necesario o acendido puntual de parte do alumeado durante o día. “Estes traballos son o paso previo á renovación da rede pública municipal, co obxectivo de ter un servizo máis eficiente e obter un aforro na factura”, explica Míriam

Bermúdez, tenente de alcaldesa de Viveiro.

Viveiro contará a finais de ano cunha empresa de servizos enerxéticos, ESE, que será a encargada de xestionar o alumeado público. “Esta empresa investirá na renovación da rede, apostando pola tecnoloxía LED nos puntos de luz para que Viveiro conte cun servizo mellor, máis respectuoso co medio ambiente e máis eficiente”, engade.

### OBRAS NO PASEO FLUVIAL



Realizaron as obras para a instalación da auga no paseo fluvial de Viveiro. Unha vez instalada a auga, procederáse ao baldeo para retirar o verdín, nunha primeira actuación de mantemento no paseo fluvial xunto coa reposición das madeiras danadas. Míriam Bermúdez lembra que só no último ano se investiron 23.000 euros en diferentes traballos de acondicionamento e mantemento no paseo fluvial.

# I.E.S. Plurilingüe San Rosendo



## FORMACIÓN PROFESIONAL



### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

AGROXARDINERÍA E COMPOSICIÓNS FLORAIS  
"O teu inicio profesional con nós"



### CICLO MEDIO

APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Modalidade dual (con prácticas remuneradas dende o primeiro ano) e modalidade ordinaria  
**(Solicitado espeleoloxía)**



OFERTA DE 22 PRAZAS EN CM DUAL EN EMPRESAS DE ALTO PRESTIXIO NO SECTOR AGROFORESTAL COMO:

CARRONZA S.L.  
FORESTAL DÍAZ CASARIEGO S.L.  
LANDELAR  
VIVEROS Y SERVICIOS FORESTALES CASELAS S.L.  
VIVEROS COSTA DE LÓNGARAS S.L.U.  
ANTONIO ALVARIÑO S.L.  
VIVEROS FOMENTO VEGETAL S.L.  
CENTRO JARDINERÍA GAVÍN C.B.  
SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST S.L.  
TENZAS ENXEÑERÍA E ASESORAMENTO LEGAL S.L.  
NOROESTE AGROPECUARIO S.L.  
EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L.  
XARCEMO AGRO S.L.U.  
EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A



### CICLO SUPERIOR

XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL



### CICLO SUPERIOR

PAISAXISMO E MEDIO RURAL

Módulos:

- Conservación de xardíns e céspedes deportivos
- Xestión e organización do viveiro
- Deseño de xardíns e restauración da paisaxe
- Planificación de cultivos
- Xestión de cultivos

## OUTRAS ENSINANZAS



Matricula aberta

Diseña tu curso

### THAT'S ENGLISH!

Curso oficial de inglés a distancia



### PLURIBAC

POSIBILIDADE DE CURSAR 1º E 2º DE BAC



### RADIO "O SON DA PAULA"

CON PODCAST ORIXINAIS CREADOS POLA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA



### PARTICIPACIÓN NOS PROGRAMAS

- Contratos-Programa
- Proxecta
- Educación Responsable
- Aulas de emprendemento
- Lanzadeiras (miniempresas)
- Polos Creativos
- EDIXGAL
- PLAMBE

## Entregados os premios do certame Versos de Rosalía e do Día do Libro



O Concello fixo entrega dos Premios do Certame Versos de Rosalía e do Día do Libro, durante unha das actuacións culturais programadas con motivo do Día das Letras Galegas na Casa da Cultura. Na categoría infantil, resultou gañadora Paula Martínez, mentres que Saúl Turón e Helena quedaron en segunda e terceira posición. Na categoría xuvenil, gañaron Helena Barcia, Gael Pita e Jesús López. Pola súa parte, O

Clan do Lobo de Jorge Manchado, V-1422 de Tomás Mariño e Raras Explosións de Daniel Méndez venceron na categoría adultos.

Tamén entregaron o premio sénior a María Jul, Irene Jul e á Asociación Saúde Mental A Mariña. Ademais tamén levaron un agasallo Sara, Elba, Jorge, Martín, Noa, Nuria, Alyssia, Samuel, Irene, Daniel, María e María Luisa. Entregaron os premios os concelleiros Alfredo Fernández e Adrián Arias.

## O concurso de fotos Cervo Respecta xa ten gañadores

Cervo dá a coñecer aos gañadores do XIV Concurso Fotográfico de Medio Ambiente Cervo Respecta, que contou coa participación de 44 instantáneas e cun gran nivel que llo puxo certamente difícil ao xurado. Como vén sendo habitual o fallo dase a coñecer cada 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente.

O primeiro premio é para Cea ao atardecer, de Anxo Cao, con 58 puntos; en segundo lugar queda Esfinge Colibrí, de Germán Paleo, con 57 puntos; e TOP Cervo, á mellor fotografía na que se identifique claramente unha paraxe do noso Concello foi para A Ponte do Bao, de Germán Paleo, con 49 puntos.

## O Goberno local mellora un camiño na parroquia de Rúa

O Concello de Cervo acometeu uns traballos de mellora e acondicionamento dun camiño que transcorre polo núcleo de Abrigo, na parroquia de Rúa, que dá acceso a diferentes fincas da zona. A alcaldesa, Dolores García Caramés, a delegada de Obras e Infraestruturas, Mali Méndez, e o edil de Zona Rural, Adrián Arias, achegáronse ata a zona para supervisar in situ a actuación, xunto co pedáneo, Ramón Elemparte e os responsables técnicos da obra. O proxecto contempla a ampliación do ancho do camiño, de maneira que se facilite o acceso ás fincas localizadas nesa zona. Levantárase, tamén, un muro de dique para a contención da estrada, de 25m de largo e 2,5m de ancho, e así estabilizar o noiro existente. Levarase a cabo unha pavimentación da vía mediante a extensión



e compactación dunha capa de xabre. O orzamento desta execución elévase ata os 48.291,43 euros, financiados con fondos propios. A alcaldesa sinalou que “esta actuación pretende mellorar a accesibilidade ás diferentes fincas que se atopan no núcleo de Abrigo, na parroquia de Rúa. Con esta obra incrementamos as infraestruturas

básicas e melloramos a accesibilidade dunha zona rural do noso municipio”. Seguimos traballando así –apuntou– para ir “equilibrando a balanza dos servizos básicos das zonas urbanas e rurais” para que sexan ambas igual de atractivas para vivir e para poder motivar tamén o establecemento de novas familias nestes núcleos, precisou.

## Poñen en valor o labor da Protectora de Animais Coletíñas

Nunha reunión de traballo de Irene Díaz, da Asociación Protectora de Animais Coletíñas, e a alcaldesa rubricaron un convenio de colaboración que ratifica o compromiso do Concello co benestar animal. A rexedora quixo poñer en valor o importantísimo labor que desempeñan as persoas voluntarias da Protectora, tanto na atención directa e coidado dos animais, como á hora de divulgar esa mensaxe de concienciación e responsabilidade entre a cidadanía. Tal e como precisou a alcaldesa o benestar animal é un tema que preocupa e co que este equipo de Goberno está sensibilizado; por iso nos orzamentos municipais seguimos reservando cada ano, desde a fundación deste colectivo, unha contía importante para contribuír a garantir a súa protección “xa que consideramos que desde Coletíñas fan un labor altruísta fundamental para a comunidade en defensa do dereito animal”. Na reunión afondaron no traballo feito nestes últimos meses centralizado no refuxio municipal que lles foi cedido e que está situado no Polígono de Cuiña, e valoraron as necesidades de cara ao futuro próximo. Neste senso, desde Coletíñas agradecen calquera tipo de colaboración voluntaria que poida contribuír a mellorar a calidade de vida dos animais e o seu traballo diario. As persoas interesadas poden poñerse en contacto coa Protectora no 623 23 59 15.



## Realizaron actividades de sensibilización no Día do Medio Ambiente

A través da delegación de Medio Ambiente, programáronse con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, que se conmemora cada 5 de xuño, unha serie de actividades de sensibilización dirixidas á mocidade “para as que quixemos involucrar ao alumnado dos tres centros educativos do municipio”, tal e como precisou a edil responsable, Mali Méndez. A programación arrincou a primeira hora no IES Marqués de Sargadelos, cunha visita da concelleira que lle entregou ao centro diferentes plantas aromáticas romeu, pirixel, tomiño, ourego ou lavanda para inaugurar o invernadoiro recentemente instalado coa colaboración do Conce-

llo de Cervo no patio do instituto. Nesta recepción estivo presente o alumnado de 3º da ESO que a continuación participou nunha plantación de castiñeiros na finca municipal do polígono de Cuiña “co obxectivo de contribuír a crear un bosque autóctono mixto para perimetrar este polígono e que poida servir de cortalume no caso de que se declare un incendio”. A actividade prolongouse ata o mediodía, e os rapaces aprenderon tamén algunhas técnicas e habilidades para traballar o bosque e crear así un Souto para desfrute de toda a veciñanza. Como agasallo pola súa participación levaron para as súas casas cadansúa planta aromática.

### REUNIÓN DE ALUMNADO EN GRAN CANARIA



O alumnado de 6º de Primaria do CEIP de Cervo, acompañado por 2 mestras e 1 mestre, acudiron a un importante encontro no CEIP Doctor Juan Espino Sánchez da Villa de Ingenio das Palmas de Gran Canaria. Na cita reuniuse alumnado e profesorado procedentes do CEP Antonio de Ulloa de Cartaxena e do CEIP Arias Montano de Badaxoz.

## a oposición fala

## Cervo

## A oposición está formada pola socialista Luján Ramos e polo nacionalista Diego Fernández

Ana Somoza / Lucía Blanco

A fiscalización e o control do goberno son tarefas que lle corresponden á oposición de cada concello, que tamén vela por detectar as necesidades da veciñanza. Luján Ramos do PSOE e Diego Fernández do BNG exercen estas funcións no municipio de Cervo e apostan por fixar poboación, impulsar o rural, mellorar os servizos e o transporte na vila mariñá. “Unha cuestión fundamental que debemos cumprir os concelleiros da oposición é estar en continuo contacto coa veciñanza para atender as súas demandas e ser fío condutor das súas necesidades coas institucións que poidan dar solución das mesmas”, así resume o seu labor Ramos, que entrou na política local fai 9 anos.

“Os compañeiros da agrupación faláronme comigo para que os acompañase e, despois de pensalo detidamente, decidín dar un paso adiante e aceptar. Agora sigo aquí traballando coa mesma ilusión que cando empecei. Iso sí, con moita máis experiencia”. A ela atraíalle a idea de saber como se facían as cousas de portas para dentro no Concello, porque “sendo un cidadán da rúa todo nos parece raro e a mellor forma de sabelo é meténdose de cheo”, pero a súa familia tamén influíu nesa incursión na vida municipal.

“Na miña casa fálase á miúdo de po-



lítica de forma aberta e clara. Sempre fomos simpatizantes do Partido Socialista e as ideas de esquerdas téñoas moi interiorizadas e forman parte da miña vida dunha forma natural”. Ambos coinciden en que formar parte da oposición non é unha tarefa sinxela, porque supón aparcar parte da túa vida persoal para enfocarse no traballo municipal. “Investimos moito en investigar e preparar as sesións plenarias, en revisar a documentación das obras ou en comprobar se funcionan ben os servizos municipais”, asegura Luján. Precisamente o que máis valora Fernández, que exerce como concelleiro e voceiro nacionalista dende xuño de 2019, é o traballo, porque “facer un control de goberno leva moito tempo a semana”, sinala o nacionalista.

Diego, que comezou a colaborar co partido no 2014, refírese ao seu grupo municipal como dialogante: “Prendemos construír en positivo e sempre cun claro obxectivo: facer un Cervo mellor”. Nesa vinculación política tivo moito que ver a súa traxectoria profesional. “Xorde a raíz de ser delegado sindical no meu centro de traballo, sempre me gustou poder axudar á clase traballadora coa que me sinto identificado totalmente e o BNG é un partido que defende os intereses dos traballadores e das traballadoras e do conxunto das clases populares”, conta.

## CONTACTO COA XENTE

Eles non teñen relación laboral co Concello, senón que perciben “unha cantidade indemnizadora pola asistencia a plenos”, detalla a socialista, que foi a número 2 do seu partido nos últimos comicios. A condición

económica da primeira lexislatura foron “50 euros por pleno, tendo unha media de 7 plenos ao ano. Nesta lexislatura a contía por pleno son 200 euros e estímase unha media de 6 plenos”, explica Diego Fernández. Polo que o contacto coa xente e

## BNG: “Prendemos construír en positivo e sempre co obxectivo de facer un Cervo mellor”

axudar aos cervenses son as grandes recompensas.

As relacións co equipo de goberno aseguran que son boas e recalcan a relevancia do diálogo e dos acordos para avanzar. Como exemplos de boas actuacións por parte do Goberno actual, Ramos lembra a Estación da Depuradora. “Era unha idea boa porque se trata dunha infraestrutura cun funcionamento ecolóxico e pioneira en Galicia. Pero, está visto que os sucesivos equipos de goberno do Partido Popular en Cervo non souberon xestionala e non está dando o resultado esperado”. Fernández salva “moi poucas cousas”, entre elas o programa Concilia, que é “algo bo, aínda que se podería mellorar tendo unha planificación máis ordenada e con máis calidade das actividades”.

Na liña de conseguir que “o Concello sexa un referente e que os veciños e veciñas teñan a maior calidade posíbel de vida”, o voceiro do BNG no municipio sinala a vivenda como unha das demandas entre os máis


novos. “É un problema que levamos arrastrando de fai moitos anos e que o actual Goberno non é capaz de solucionar. Fai falta fixar poboación e para iso hai que redactar o Plan Xeral de Ordenación Municipal”. Ademais do PXOM, apostan “por humanizar espazos e acabar co feísmo provocado polo Goberno do PP demolendo os edificios inacabados”. Todo coa transparencia como base: “Un concello sen transparencia é un concello secuestrado, iso é algo innegociábel. Faríamos políticas na que os veciños sexan participes do futuro do municipio, como orzamentos participativos por parroquias”.

## IMPULSAR O RURAL

Para os maiores reclama “servizos dignos e de calidade, sobre todo no rural”. Precisamente impulsar o rural, “dotándoo de servizos que a día de hoxe non teñen, como unha conexión de banda ancha, o saneamento ou o cumprimento das franxas de protección as vivendas e estradas” ocupan boa parte do programa. A concelleira socialista coincide en que “mirar máis cara ó rural” mantense como unha das contas pendentes do Goberno local. “Queda moito por facer nos núcleos máis pequenos. Os servizos teñen que facerse presentes tamén alí”, necesidade á que suma o problema para fixar poboación.

“Vemos que imos diminuindo pouco á pouco e ademais, vai envellecendo: deberíamos pór en marcha programas de vivenda para os novos, tamén potenciar servizos que axuden a conciliar o traballo cos menores e cos máis maiores da casa”, di Luján. Crear prazas no centro de día no rural e mellorar o mantemento xeral de vías, edificios municipais e parques forman parte do seu programa, no que tamén inclúen un programa de transporte dentro do Concello.

“Temos que traballar para buscar unha solución da mobilidade dentro do Concello e tamén de portas a fóra, xa que carecemos de medios de transporte colectivos cuns horarios axeitados”. Pide, ademais, facer máis forza como comarca. “A Mariña ten un problema de infraestruturas viarias que hai que solucionar xa. Os Gobernos Autonómico e Central teñen que comprometerse e rematar as dúas infraestruturas viarias que vertebrarían perfectamente a comarca; pero para iso, os concellos temos que remar todos na mesma dirección, sen importar a cor política”.



## Presentados os premios de poesía Leiras Pulpeiro e Díaz Jácome

O Concello de Mondoñedo sacou á luz os tradicionais premios de poesía que levan os nomes de dous grandes creadores da cidade episcopal.

Trátase, en primeiro lugar, do Premio de Poesía Leiras Pulpeiro, que acada a súa edición décimo terceira, e ao que pode concorrer calquera persoa que presente a súa obra en lingua galega. Os poemas a presentar terán que ser orixinais e inéditos tanto en soporte impreso coma dixital e non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior á deliberación do Xurado. As composicións serán dunha extensión máxima de 150 versos de temática libre e poderán achegarse ao Concello de Mondoñedo, ata o día 18 de outubro deste ano. Este certame está dotado con tres premios: 1º de 1.500 euros, 2º de 600 euros e 3º de 300, placa e diploma.

E, en segundo lugar, presentouse tamén o Premio de Poesía Díaz Jácome, que, neste caso, acada a súa vixésimo quinta edición, e, como é habitual, vai destinado a novas e novos creadores que non teñan unha idade superior a trinta anos. Os poemas a presentar terán que ser orixinais e inéditos tanto en soporte impreso coma dixital e non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior á deliberación do Xurado. As composicións serán dunha extensión máxima de 150 versos de temática libre e poderán achegarse ao Concello de Mondoñedo, ata o día 18 de outubro do 2024.

O certame Díaz Jácome está dotado con tres premios: 1º de 1.500 euros, 2º de 600 e 3º de 300, placa e diploma.

As bases íntegras, de ambos premios, pódense consultar na páxina web do Concello de Mondoñedo.

## As escavacións na aldea de Tigrás permiten achegarse á época sueva

A nova fase dos traballos arqueolóxicos na localidade mindoniense de San Vicente de Trigás permitirá, a partir do luns 27, “coñecer, dende a colaboración científica e de xeito interdisciplinario, tanto as persoas que viviron aquí durante a alta idade media como a evolución do uso do territorio”. Así o afirma José Carlos Sánchez Pardo, director científico dos traballos que levan a cabo USC e a empresa Tempos Arqueólogos.

Tal e como explica o tamén investigador principal do proxecto Arqueoloxía das paisaxes monásticas na Galicia altomedieval (ARPAMED), estas accións “son fundamentais para entender a paisaxe rural de Galicia nese período”. A intervención, que permitirá o afondamento na época sueva, está dirixida pola investigadora posdoutoral Celtia Rodríguez González, pertencente ao Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), do que tamén forma parte a USC.

Os traballos estendéronse ata o 7 de xuño e contan coa colaboración



do Concello de Mondoñedo a través do asesoramento do arqueólogo Abel Vigo, así como da especialista en arqueobotánica Leonor Peña Chocarro, do CSIC de Madrid, quen realizará unha análise das especies de plantas e cultivos que se utilizaban durante a fase altomedieval do xacemento.

Durante esta intervención, levarase a cabo a ampliación das sondaxes abertas o ano pasado en dúas fincas propiedade de Miguel Chao. No ano 2023, os traballos arqueolóxicos deron lugar á localización dunha estrutura habitacional (posible casa) e

a un forno, cuxos restos dataron dos séculos V-VII. “O noso obxectivo este ano é continuar coa delimitación e documentación desta estrutura así como confirmar que estamos ante unha aldea altomedieval, un tipo de asentamento moi pouco coñecido para os séculos dos que estamos a falar”, relata Celtia Rodríguez González, directora da intervención.

Ao longo do ano 2023 e principios de 2024, a investigación continuou executándose a través do traballo dos materiais, a elaboración da memoria científico-técnica, así como a realización da prospección xeofísica.

## Queixas de BNG e PSOE pola limpeza de parques e outros espazos



O BNG asegura que o principal parque infantil de Mondoñedo converteuse nun potencial perigo para os máis cativos. Para os nacionalistas resulta imposible poder xogar sen rematar coas mans e a roupa tinguidas de negro polo mofo que impregnan as instalacións e consideran inaceptable que os cativos teñan que padecer un parque de xogos con mofo e lixo acumulado durante anos.

Quéixanse do estado das subxecións dalgúns equipamentos a piques de rachar polo desgaste, o que podería ocasionar un posible accidente e lesións das nenas e

nenos que xogan no parque municipal.

Os socialistas, pola súa banda, reclamaron ao equipo de Goberno do PP un plan de limpeza dos espazos verdes, así como de tódolos espazos públicos como parques, paseos ou a Alameda dos Remedios do concello.

Dende o PSdeG de Mondoñedo, “instamos ao equipo de goberno a intensificar as medidas para a adecuación e mellora das zonas verdes, con actuacións de limpeza, conservación e mantemento para que chegue a todos os espazos verdes da cidade”.

## A Rapa das Bestas de Campo do Oso celebra a súa 45 edición



A organización da Rapa das Bestas de Campo do Oso situado na estrada de Mondoñedo á Pastoriza, e pertencente a parroquia de San María Maio, volverá a ter este ano a súa tradicional Rapa das Bestas. A cita será o vindeiro 30 de xuño chegando a súa 45 edición. Comezará ás 10.30 horas co saída dos xinetes para a baixada dos animais ao curro. A partir das 11.30 horas terá lugar a baixada dos animais e xa ás 12.15 horas a rapa e marcado

dos animais. A sesión vermú comezará ás 14.00 horas e o xantar será ás 15.00. tamén haberá xornadas de degustación de carne de poldro de balde e baile pola tarde amenizada por Verónica Cambón.

Esta tradicional festa é a que abre o calendario deste tipo de celebracións, xa que faise o último domingo do mes de xuño. Cada un dos xinetes farase responsable dos danos que poida ocasionar el ou a súa montura.

## Arranca unha nova edición dos Encontros Álvaro Cunqueiro

Está en marcha unha nova edición dos Encontros Álvaro Cunqueiro que, no presente ano, chega á súa terceira edición, converténdose así nunha cita de referencia dentro dos Cursos de Verán da USC. Os III Encontros, organizados pola USC, contan coa colaboración do Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro.

A nova edición do curso, baixo a dirección de Armando Requeixo e que se celebrará en Mondoñedo o 6 e 7 de xullo do 2024, contará coa presenza de grandes estudiosos do mundo de Cunqueiro que achegarán diversos aspectos da súa obra continuando a liña xa amosada nas dúas edicións previas.

Neste momento está aberto o prazo de matrícula, que se pode realizar tanto no Campus de Santiago como no de Lugo. O prazo estenderase ata o 21 de xuño. Máis información sobre os cursos nos teléfonos 881 811 018 e 881 811 103 (de Santiago) ou 982 821 513 (de Lugo) e no e-mail cursosdeveran@usc.gal

O Concello e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro queren convidar a que se matriculen e participen neste curso de verán a todos e todas os Cunqueirófilos.



XOVE

# A localidade prepara a Romaría ao San Antonio Ventureiro

Dende o departamento de Investigación Social e Turismo do Concello de Xove organízase outro ano máis a Recuperación da Romaría ao San Antonio Ventureiro da Rigueira o próximo 13 de xuño. Este ano é unha edición especial xa que, despois da declaración por parte do Consello de Turismo de Festa de Interese Turístico de Galicia no ano 2023, foi elixido polo Concello de Xove como festivo local para este 2024.

Ata o próximo 11 de xuño todas aquelas persoas que desexen participar da romaría poderán anotarse no Concello de Xove para obter a Ventura e a flor do San Antonio ó concluír o camiño. Para anotarse poden chamar ao teléfono 982 592 001 ou escribir un correo electrónico a: [lucia@xove.es](mailto:lucia@xove.es). Como cada ano, os romeiros irán identificados cun carné de romaxe que poderán recoller no Concello antes da romaría, e irán selándoo nos puntos habilitados ata chegaren á igrexa. Nesta edición, como se agarda un gran número de romaxe, e moitas persoas con diversidade funcional, decidiuse dende



o Concello de Xove co apoio da Comisión de Festas non se usarán bombas de palenque durante todos os actos da romaría.

Esta iniciativa tamén foi apoiada pola romaxe que acode cada edición cos seus animais de compañía, que tamén suman unha cifra maior cada ano. No traballo de investigación para a recuperación da romaría realizado no 2009 identificáronse ata oito rutas para chegar á igrexa, que a romaxe seguía dependendo da súa procedencia. As rutas están sinalizadas con fre-

chas e con paneis informativos ao inicio de cada unha delas, e a súa elección depende de cada romeira. Aínda que a maioría prefiren saír do centro de Xove sobre as 10.00 ou 10.30 da mañá para chegaren á primeira misa dos romeiros ás 13.00 horas. Nesta ocasión a Comisión de Festas volve organizar un xantar popular composto por lagostinos, churrasco, chourizo, tarta xeada e café, por 3 euros, para o que haberá que anotarse antes do 10 de xuño nos teléfonos 669 896 848 e 608 696 677.

## EN BREVE

**SAN XOÁN.** O Concello Xove abre o prazo para solicitar as fogueiras de San Xoán e San Pedro. No caso da de San Xoán os interesados poden comunicar a fogueira ata o 20 de xuño, mentres que para o de San Pedro o prazo estará aberto ata o día 26. As solicitudes faranse a través da web [www.xove.es](http://www.xove.es)

**FOLIADA.** A Asociación Cultural Saiñas de Xove organiza, coa colaboración do Concello de Xove, unha nova edición da Foliada da Mariña. A cita, que tería lugar na praza do Concello no mes de xuño para celebrar a música, a danza e a cultura galega, finalmente aprázase ata confirmar nova data. Nas últimas convocatorias houbo obradoiros infantís, actuacións musicais da man de varios grupos da comarca, xantar e sorteos. Este ano, os asistentes poderán gozar de cantos de taberna, música en directo, foliada libre e sorteos.



**PARQUE INFANTIL.** As obras do parque de ocio e infantil de Xove, que conta, entre outros espazos, con dúas pistas de Pumptrack (unha delas de iniciación), están chegando ao seu remate. A inauguración será o día 9 de xuño cunha competición de Copa Galicia de Pumptrack, que se desenvolverá dende primeira hora da mañá ata ben entrada a tarde.

## A Feira Nacional de Gando Cabalar mantén o seu poder de convocatoria

A vixésimo sexta edición da Feira Nacional de Gando Cabalar de Xove, celebrada o 19 de maio en Lago, foi todo un éxito de participación. A proposta estaba organizada pola asociación Cabaleiros da Medela coa colaboración do Concello e contou con varias probas de serrada e chapeado e xogo de barrís, entrega de trofeos e sorteo dun xato entre os asistentes da xornada.

Finalmente, fixeron entrega dos premios o alcalde Demetrio Salgueiro, a concelleira de Agricultura e Montes Dolores Meitín e o presidente de Cabaleiros da Medela Leandro Quelle Franco nunha nova edición que asegura o seu poder de convocatoria.

**RUTA.** Organizan tamén a ruta da mocidade ao San Antonio da Rigueira o 13 de xuño. A actividade, con saída do centro xuvenil, será de 11.00 a 13.30 horas e poderán participar menores de 1º de ESO acompañados da familia. Os interesados deben inscribirse na OMIX para facer a romaría e recibir a ventura e a flor do San Antonio antes do 11 de xuño.



# A & F BROKERS

Abogados

## GESTION DE COMUNIDADES

HERENCIA Y TESTAMENTOS

REGISTRO DE PROPIEDADES

ALTERACIONES CATASTRALES

CONTRATOS:

COMPRA, VENTA ALQUILER

DESAHUCIOS


PROBLEMAS COMUNITARIOS


RECLAMACION DE DEUDAS

DIVORCIOS:

CUSTODIAS, PENSIONES

ASISTENCIA LEGAL INTEGRAL

 [viviabuin@hotmail.com](mailto:viviabuin@hotmail.com)

 AVDA. DA MARINA Nº72  
SAN CIPRIAN (LUGO)

 695 414 544

## Eliminan as infiltracións a pozos de saneamento

O Concello de Barreiros iniciou o procedemento de contratación das obras para a impermeabilización de 14 pozos de rexistro do saneamento municipal distribuídos ao longo de toda a rede. Trátase dunhas obras “imprescindibles para comezar a poñer solucións aos problemas de saneamento existentes no municipio, tendo sempre en perspectiva a necesidade de dotar a Barreiros dunha nova estación depuradora”, sinala a alcaldesa, Ana Ermida.

A propia rexedora sinala que “despois de ter encargado unha auditoría sobre o estado da rede e sistemas de saneamento, detectouse que existe unha cantidade importante de augas limpas que se infiltran ao longo da rede e que afecta notablemente ao funcionamento das depuradoras”. O concelleiro responsable de Medio Ambiente, Dámaso Ratoeira,

sinalou a importancia de levar a cabo estes traballos para “lograr a máxima eficiencia posible nas infraestruturas de saneamento, aínda sendo conscientes de que mentres non contemos cun novo sistema os resultados non van ser óptimos, si que o persoal técnico sinalou que o rendemento das estacións e o seu funcionamento melloraría notablemente.”

Durante este ano investiranse un total de 41.684,50 euros, dos que cerca de 20.000 euros se destinan ao selado e impermeabilización de 14 pozos que se atopan distribuídos nas parroquias de San Cosme e Benquerencia. Tamén está prevista unha segunda actuación de rehabilitación dun tramo de colector de saneamento no barrio das Carriceiras, en Santiago de Reinante, que ten unha incidencia moi importante sobre a EDAR de dita parroquia.

## Unha campaña busca protexer a parcela histórica de Santo Estevo

A Fundación Eira da Xoana, Mariña Patrimonio e Irmandade Santo Estevo, pretenden adquirir, recuperar, estudar e protexer unha parcela situada ao carón da Fraga de Santo Estevo do Ermo. Nesta parcela atópanse os restos da antiga igrexa de Santo Estevo, o seu antigo cemiterio e as ruínas das cabanas das eremitas que habitaron esta máxica fraga. Para poder adquirir esta parcela, actualmente plantada de eucaliptos, requírese da colaboración e axuda económica da comunidade.

Santo Estevo do Ermo é unha pequena fraga situada no medio do extenso eucaliptal no que se converteu a Mariña Lucense. Esta fraga, localizada no concello de Barreiros, está moi ben conservada, grazas ao esforzo e traballo dun grupo de veciños asociados na Irmandade Santo Estevo. Santo Estevo é un oasis de especies autóctonas cunha rica



biodiversidade tanto de fauna como de flora, incluíndo fentos pouco comúns, ameazados e vulnerables. O lugar está atravesado por un río que forma unha fermosa ferveza ou “revertedoiro”. Neste sitio, tamén coñecido como Augas Santas, hai dúas fontes milagreiras: a de Santa Rosa e a do Ferro, ás que desde tempos inmemoriais acoden centos de persoas para curar diver-

sos males. Neste máxico lugar, atópase tamén unha rocha coas pegadas do cabalo do apóstolo Santiago e mais unha capela “nova”, arredor da cal se celebran importantes romarías.

O obxectivo é mercar o terreo, eliminar os eucaliptos, recuperar a fraga, realizar estudos arqueolóxicos e valorar a posibilidade de levar a cabo unha escavación.

### EN BREVE

**ACTIVIDADES DEPORTIVAS.** Está aberto o prazo de inscrición nas actividades deportivas para a mocidade (maiores de 12 anos) e persoas adultas que organiza o Concello. O formulario de inscrición só estará dispoñible nas oficinas do Concello. A persoa que queira inscribirse deberá confirmar previamente nas oficinas municipais que quedan prazas dispoñibles nas clases nas que queira matricularse e unha vez confirmada a dispoñibilidade poderán presentar o formulario de inscrición.

**RUTA MONTE COMADO.** Abren as inscricións para unha andaina polo Monte Comado. A actividade terá lugar o 16 de xuño ás 10.00 horas e preténdese dar a coñecer o municipio. Percorreráse gran parte do circuíto do último Trail 12k con saída e chegada dende a igrexa de San Miguel de Reinante.

**FESTIVAL.** Santo Estevo do Ermo organiza a décimo primeira edición do Festival Histórico Augas Santas o 22 de xuño. Na cita haberá unha ruta a cabalo mercado de artesanía, escenificación do Rei Silo e misa na honra a Santo Estevo a partir das 13.00 horas. A música tampouco faltará na xornada, xa que actuará O Arco da Vella. Os asistentes tamén poderán gozar de vodas celtas e queimada con conxuro e dunha cea a base de sardiñas asadas. A cita esta organizada pola Irmandade Augas Santas.

### Terras de Lourenzá programa unha ruta por Asturias

A Asociación de Sendeirismo Terras de Lourenzá presenta a ruta deste mes, que os levará ata Piloña, na comunidade veciña de Asturias. As prazas están limitadas ás 28 do microbús, xa que a orografía da estrada non permite viaxar en bus grande.

Será o vindeiro 15 de xuño con saída ás 7.00 no Cantón de Vilanova. Pódese realizar a inscrición ata o vindeiro 12 de xuño no 647 067 054. Ao remate da ruta hai unha área recreativa na que está previsto comer.

### Hai data da Romería de San Adriano

Lourenzá prepara a romaría de San Adriano para o vindeiro 16 de xuño. A cita comezará ás 9.00 horas coa misa para logo dar paso á rogación con Gaiteiros de Tovar.

Xa ás 13.30 haberá de novo misa e sesión vermú co grupo M3. Xa pola tarde, a partir das 19.30 horas, celebrarase unha nova misa, seguida de verbena co dúo Belinda e o grupo M3.

## O Pleno aproba a moción do BNG para mellorar a LU P 2801



O BNG presentou no Pleno unha moción para a mellora da estrada LU P 2801 ao seu paso polo concello que foi aprobada por unanimidade dos 3 grupos que compoñen a corporación. Nesta moción recóllese que nesta estrada, no seu paso pola parroquia de Santo Tomé presenta un paso estreito por mor dunha edificación sen habitar da que os propietarios están a favor do seu derrube e os propios técnicos do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial viron viable eliminar e completar a beirarrúa.

Isto non só melloraría as comunicacións senón que tamén incrementaría a seguridade dos viandantes.

Nas curvas de entrada a parroquia de Santo Adrao tampouco hai beirarrúas, e o cruzamento con camiños articulados e de grande tonelaxe dificultan a circulación con seguridade posto que queda pouco marxe de calzada para manobras seguras. Por isto faise preciso buscar unha solución que permita a circulación e convivencia con seguridade entre todo tipo de vehículos e peóns.

No Pleno, a instancias da concelleira do BNG, Belén Fanego, acordouse instar a Deputación a facer un estudo para dar solución a esta estrada “de xeito que todos os usuarios poidamos convivir sen perigo e aumentando a seguridade”.

### lourenzá

### Poñen en marcha varias actividades de lecer para conciliar este verán



O Concello de Lourenzá pon en marcha un ano máis as actividades de dinamización infantil Tempo de Lecer 2024 que este ano organiza o Concello ao abeiro dun Convenio coa Deputación Provincial de Lugo. Créanse 28 prazas máis co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral da maioría das familias que o precisen e así dar cobertura ao maior número de nenos e nenas posible.

Terán lugar do 24 de xuño de 2024 a 06 de setembro de 2024 para nenos e nenas de 3 a 12 anos. Haberá 240 prazas e maiores 18 prazas en reserva para situacións de extrema necesidade. As iniciativas desenvolveranse de 9.00 a 14.00 horas e o servizo de madrugadores, organizado pola ANPA, de 8.00 a 9.00 horas.

## O PP denuncia accesos sen arranxar na praia de San Bartolo

Dende o Grupo Municipal Popular denuncian que tres dos accesos á praia de San Bartolo, en Barreiros, levan pechados máis de tres anos sen que o Goberno local faga “o máis mínimo esforzo” por garantir a seguridade e que se abran de novo. Por este motivo, defenderase no vindeiro pleno unha iniciativa para que o Concello leve a cabo unha modificación da ordenanza das praias e esixa á Demarcación de Costas a consolidación do cantil á beira do acceso occidental deste areal para reabrir os accesos pechados.

O voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, recorda que en xaneiro de 2021 produciuse un derrubamento de varias rochas de gran tamaño encima da escalinata de acceso occidental da praia mentres que os outros dous accesos non sufriron dano algún, pero “a día de hoxe aínda non se retiraron as rochas do derrubamento nin se consolidou o cantil, polo que non se poder garantir a seguridade dos usuarios do devandito acceso”.



A zona do derrubamento está nunha zona de dominio público marítimo terrestre sobre a que ten competencia o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da Demarcación de Costas da Dirección Xeral da Costa e o Mar que debería acometer de forma urxente a reparación do cantil antes de que se produzan novos derrubamentos que poidan afectar ao paseo de San Bartolo.

**PARQUES.** O PP pide ao Goberno local “maior sensibilidade” polas zonas

de xogo infantís e que se garanta o seu correcto mantemento.

O voceiro explica que nais e pais do municipio lamentaron o abandono que sofren os parques infantís e as zonas de exercicio para maiores “moi deterioradas e cos elementos rotos e oxidados”.

“Especialmente curioso é o estado destas zonas de ocio nas proximidades da gardaría. O chan acolchado das zonas de recreo presenta numerosas fendas nas que é doado meter un pé e facerse moito dano”, polo que piden o seu cambio inmediato.

## O CEIP de Reinante logra 3 galardóns no certame sobre cooperativismo

Sete centros galegos das localidades de Moaña, Tomiño, Vigo, A Coruña, As Pontes e Barreiros recibirán os premios do certame Cooperativismo no ensino co que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración busca difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia. O certame está dotado con premios de entre 1.500 a 4.500

euros segundo a modalidade. Na categoría para o primeiro e segundo curso de Educación Primaria o accésit recaeu en *Laberinto cooperativo* do CEIP San Miguel de Reinante, en Barreiros. O accésit do premio ao mellor traballo da categoría de terceiro e cuarto de recaeu en *Coopexogo de nen@s* do mesmo centro. Por último, na cuarta categoría desta modalidade, a dirixida a quinto e sexto de Educación Primaria, o accésit foi para o CEIP San Miguel de Reinante, por *Coopera que é historia*.

## Abre a licitación para a adquisición e colocación de cubrecontedores

O Concello de Barreiros ten aberta a licitación para a adquisición e colocación de sete cubrecontedores que serán colocados para embelecer a zona do entorno do Souto. As pezas, fabricadas en aceiro inoxidable laca-do colocaranse na propia praza do Souto, na que se realizarán tamén outras labores de mantemento e adementamento, Entrerriños, Nogueiredo, Os Martices e Áspera. A zona elixida responde a criterios de usos e necesidade de poboación, xa que nela se atopan importantes equipamentos, como prazas,

parques infantís, pistas deportivas e mesmo o Colexio público. A adquisición dos cubrecontedores, que supón un investimento de 25.000 euros, vai acompañada da compra de composteiros e colectores de papel, envases e fracción resto, por importe de 28.000 euros, cos que se pretende a mellora da recollida selectiva en todo o Concello. O total do investimento previsto para estas accións ascende a 53.000 euros que se financia mediante un Convenio subscrito entre o Concello de Barreiros e a área de Rural da Deputación.

### NOVA SINALIZACIÓN NAS PARROQUIAS

Estase a proceder á renovación e reposición de sinalización que desaparecera ou se atopaba en mal estado. Nesta actuación, que terá continuidade nos vindeiros meses, colócase sinalización en Vilamartín Pequeno, Gondán, Benquerencia e Viladaíde. Igualmente, foron cambiadas ou reparadas sinais, tanto de sinalización como de tráfico, que sufriran desperfectos.



**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

## Lucía Prieto Fraga tomou posesión como concelleira socialista



Lucía Prieto Fraga vén de tomar posesión no Pleno da Corporación local do Vicedo como concelleira do Grupo Municipal do PSdeG no Concello. Queda así ao completo a agrupación socialista, con tres concelleiros, tras a marcha por motivos persoais de María Pérez Santaballa.

A nova voceira socialista, Verónica Canoura, subliñou que os socialistas seguen a traballar pola mellora do concello mariñao “coa mesma ilusión e ganas”, e “cun compromiso total cos nosos veciños e veciñas”.

Precisamente, froito dese labor do PSdeG do Vicedo en favor da mellora das condicións de vida da veciñanza, dos servizos públicos e das oportunidades económicas do municipio, celebrouse a primeira reunión do grupo de traballo creado grazas a unha moción defendida polos socialistas, que foi aprobada o 31 de xaneiro deste ano no Pleno, para abordar a situación e necesidades do colexio público da localidade, e para tomar medidas para manter e mellorar o funcionamento do centro educativo.

## Preparan a sétima edición da Romaxe Viquinga

O Vicedo prepárase para a sétima edición da Romaxe Viquinga. A cita celebrarase o sábado 27 de xullo na praia de Area Grande. De novo, os postos autorizados para instalarse no evento deberán ser de artesanía ou de alimentación e deberán estar caracterizados, tanto os postos como as persoas, de acordo coa temática da festa.

Os interesados en montar no mercado deberán pagar 12 euros por metro lineal ata o 30 de xuño e deberán asumir parte do prezo por adiantado. Poderán montar a partir das 15.00 horas do venres 26 de xullo e deberán recoller antes das 15.00 horas do domingo 28. Para participar cun posto no mercado deberase cubrir a solicitude ata o 24 de xullo.

## O 15 de xuño comezan as festas do Carme

O Vicedo celebra as festas na honra a Nosa Señora do Carme os días 15, 16 e 17 de xuño. O sábado haberá misa solemne e procesión ata o campo da festa acompañada pola Banda Naval de Viveiro. A partir das 14.00 horas terá lugar a sesión vermú con Miramar que tamén amenizará a verbena xunto co dúo Venus.

O domingo haberá misa solemne no

campo da festa e procesión marítima coa ofrenda floral polos náufragos e mariñeiros defuntos e sesión vermú a partir das 14.00 horas con D'Vicio que estará xunto con Los Player's á noite. O luns a partir das 20.00 horas dará comezo o traslado da imaxe da Virxe ata a igrexa parroquial e tamén o funeral por mariñeiros, mariscadoras e defuntos da parroquia.

## Invisten en seis proxectos de mellora dos recursos turísticos

A Xunta de Galicia inviste 204.000 euros en seis proxectos que desenvolve o Concello do Vicedo ao abeiro das dúas convocatorias realizadas nos últimos meses do programa de axudas para o embelecemento do litoral e o impulso do seu uso turístico. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou o resultado das tres iniciativas xa rematadas, que melloraron as dotacións de centros municipais e espazos públicos.

Así, actuouse sobre a accesibilidade da praia de Xilloj, con sinalética en braille, pasarelas, eliminación de barreiras arquitectónicas, pitado de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida ou mesmo a dotación dunha cadeira “anfibia”. Igualmente, instaláronse paneis interpretativos no sendeiro da costa co fin de difundir a biodiversidade dese espazo natural que comeza no porto e remata na praia de San Román, unindo diversos atractivos turísticos como pobos, especies vexetais e animais e paisaxes.

Tamén se incorporaron pantallas interactivas na Casa da Cultura, a Oficina de Turismo e o Concello, que ofrecen información turística e de servizo de maneira áxil e eficaz. Ademais, van instalar varandas de seguridade no recorrido completo do paseo marítimo das praias de Vidreiro e Caolín e do porto; tamén colocarán paneis interpretativos en diferentes



puntos dos sendeiro verdes, con información concreta sobre a zona, e un tótem interactivo no exterior da Casa Consistorial.

**SOSTIBILIDADE.** Javier Arias destacou que as intervencións fomentan o desenvolvemento turístico sostible e accesible e melloran a experiencia dos visitantes grazas ás ferramentas tecnolóxicas, en consonancia cos obxectivos desta liña de apoios de Turismo de Galicia. Neste sentido, o delegado territorial lembrou que as achegas pretenden acondicionar os recursos e introducir medidas sustentables, dixitais, accesibles ou inclusivas, financiando propostas como a instalación ou reforma de casetas de información, postos de socorro e aseos, acondicionamento de

sendeiros, creación de app turísticas ou instalación de elementos interactivos, entre outras.

No conxunto da Mariña, o investimento ascendeu a 758.000 euros para a execución de 24 proxectos, dos que 14 corresponden á última resolución publicada o pasado mes de abril. Esta é unha das actuacións incluídas no Plan Territorial de Sostibilidade Turística do Litoral posto en marcha polo Goberno galego con fondos Next Generation, que conta cun orzamento global de 29,3 millóns de euros. Enmárcase no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para aproveitar o financiamento europeo no camiño á transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos.

## a pontenova

### EN BREVE

**MÚSICA.** A escola municipal de música abre o prazo de matrícula para o vindeiro curso. Estará aberto ata o día 14 de xuño. Os interesados poden solicitar máis información a través do 650 348 123.

**RAPA DAS BESTAS.** A Asociación ecuestre A Pontenova organiza por primeira vez a Rapa das Bestas no municipio, que conta coa colaboración do Concello e da Vicepresidencia da Deputación. Será o vindeiro 20 de xullo e o programa inclúe entrada a curro, rapa e espectáculo de doma.

**XUBILADOS.** A Asociación de Xubilados Val de Miranda participa nunha xuntanza en Mosteiro (Pol) o 20 de xuño. Haberá misa ás 13.00 horas, xantar ás 14.00 e un grupo musical. Os interesados poden recoller o seu ticket na Librería Eugenia por un prezo de 30 euros. Poñerán autobús.

## Propietarios deben retirar as especies prohibidas das leiras

En cumprimento da Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia e tras a denuncia do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, o Concello da Pontenova avisa aos propietarios das fincas situadas nas inmediacións do IES Enrique Muruais e do cemiterio municipal para que procedan a xestionar a masa vexetal e retirar as especies prohibidas no prazo dun mes ata o vindeiro 24 de xuño.

Se non atenden á comunicación, o Concello procederá á execución da tarefa, sen

prexuízo de que se poidan impoñer multas coercitivas e repercutir os custos ocasionados. Cumpren así co artigo 22 da Lei de Prevención que establece un procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas en caso de incumprimento, que se inicia cunha comunicación á persoa responsable na que lle recorde a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle conceda un prazo para iso, sen prexuízo de instrución do procedemento sancionador que corresponda.

## Trabada dá a coñecer as súas rutas cun programa de sendeirismo

A asociación de sendeirismo Trabada Paso a Paso presentou xunto ao Concello o programa de sendeirismo para os próximos meses. En concreto, durante os meses de xuño, xullo, setembro, outubro e novembro realizaranse as cinco rutas de sendeirismo coas que se conta no concello: Ruta da Subida ó Picato; Ruta da Fraga da Vilapena; Ruta do Vento; Ruta do Monte Roxal-Teixido, e Ruta Fraga da Beceireira.

“Con esta actividade, organizada conxuntamente polo Concello de Trabada e a asociación de sendeirismo Trabada Paso a Paso, quere-mos dar a coñecer as nosas rutas e potenciar así mesmo os hábitos saudables e o deporte”, explica o al-



calde, Rubén García. “Quero agradecer a boa disposición da asociación de sendeirismo para a elaboración deste programa, potenciando desta forma este turismo de deporte e

natureza que é tan característico en Trabada”, engade o alcalde. Nos vindeiros días darase a coñecer toda a información detallada da primeira ruta.

## Cubrirán o parque infantil de San Roque e remata a obra no do CEIP

Avanza o proceso de renovación e mellora das zonas infantís e de lecer para os nenos, nenas e as súas familias. O municipio tivo coñecemento de que obtivo a subvención que solicitara á Xunta de Galicia para cubrir o parque infantil situado na rúa de San Roque.

O orzamento do proxecto ascende a 51.203,14 euros e a axuda acadada é de 35.842,20 euros, polo que o Concello aportará 15.360,94 euros. “Una boa nova e unha actuación que permitirá o uso do parque tanto nos días de chuvia como nas xornadas de moita calor”, explica o alcalde, Rubén García.

Grazas á subvención tramitada polo concello, o parque contará cunha cuberta téxtil para protexer o espazo das condicións meteorolóxicas adversas. O Goberno de Trabada rematou recentemente as tarefas para substituír o valado do parque infantil



do colexio de Infantil e Primaria, e xa comezou tamén a renovación completa do parque infantil da parroquia de Sante.

O Concello de Trabada rematou as tarefas para substituír o valado do parque infantil do colexio de Infantil e Primaria. “O valado estaba deteriorado despois de varios actos vandálicos na zona e procedemos a cambialo para que o espazo estea en boas condicións para os nenos

e nenas”, explica o alcalde, Rubén García.

Por outra parte, xa comezou a renovación completa do parque infantil da parroquia de Sante, unha actuación incluída no Plan Único da Deputación de Lugo. “Desta forma, seguimos a dar pasos para mellorar as nosas instalacións de lecer e os parques infantís de Trabada, potenciando o seu uso por parte das familias”, engade o alcalde.



## Remata a obra de reforma da antiga escola de Sante

O Concello de Trabada continúa co seu proceso de rehabilitación das vivendas situadas nas antigas escolas unitarias das parroquias para darlles un uso social. Tras un investimento de case 50.000 euros na obra, acaban de rematar os traballos de reforma da vivenda da escola de Sante, unha actuación integral para mellorar as condicións de seguridade, hixiene, salubridade, confort e eficiencia enerxética do inmoble.

O proxecto vai con cargo ao Plan de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación de Lugo. “Esta actuación súmase as que xa se realizaron noutras antigas escolas, como as de Trabadelas e Vilapercide, e nas vindeiras semanas darán comezo as obras de reforma da vivenda da antiga escola de Vidal”, explica o alcalde, Rubén García.

A reforma das antigas escolas rurais para habilitar as súas vivendas cun fin social serve “para mellorar os servizos e as infraestruturas nas parroquias, unha prioridade

para o goberno local”, engade o alcalde.

**SUBVENCIÓN.** O Concello acadou unha subvención do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para a renovación da vivenda da antiga escola unitaria da parroquia de Vidal. O custe total desta actuación ascende a 53.131,20 euros e a axuda obtida é de 46.286,54 euros, polo que o consistorio aportará 6.844,66 euros.

“Podemos desta forma continuar co proceso de renovación das vivendas das antigas escolas unitarias, como xa fixemos coas de Trabadelas, Vilapercide e Sante”, explica o alcalde de Trabada, Rubén García, que engade que “con esta axuda habilitaremos a vivenda para destinala a uso público e social na parroquia de Vidal”. As actuacións incluídas na subvención permitirán ao concello, entre outros aspectos, mellorar a eficiencia enerxética da vivenda e, con elo, as súas condicións de seguridade, hixiene e confort.

### ÉXITO DA ÚLTIMA EDICIÓN DA ENFARIÑADA

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López, participou co alcalde de Trabada, Rubén García Freije, na celebración da quinta edición da Festa Gastronómica da Enfariñada. Esta cita, á que a institución provincial achega 10.000 euros para a súa organización, reuniu a centos de persoas para degustar de xeito gratuito este prato típico trabadense.



**OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA**  
**CONSULTANOS SIN COMPROMISO**

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

## Chega á vila o día 22 o mellor do rock nacional

Os amantes do rock teñen unha cita en Ferreira do Valadouro. O Valadouro Rock celebrarase o vindeiro 22 de xuño ás 17.00 horas e contará con grandes bandas a nivel nacional. Empezará cunha sesión vermú gratuíta amenizada pola banda asturiana Skuld. O cartel está encabezado por un clásico do hard rock e o heavy metal español como é Obús, grupo madrileño da década dos 80. Tamén estarán os galegos Strikeback, os asturianos Drunken Buddha e os os valencianos Gigatrón.

Procedentes da capital chegan Vita Imana cos seus sons ambientais e agresivos teñen como motor unha percusión firme, de tons graves. Outro dos grupos que animarán a festa serán os ribadenses Materia Morta, que darán que falar entre

os amantes da música en directo. Completan o cartel o grupo de Avilés Leather Boys e o ex de Siniestro Total, Miguel Costas. Ademais, os interesados tamén poderán acampar, sendo esta unha opción completamente gratuíta.

Deberán cubrir o formulario da web e xa no festival acreditaranos como campistas. Para facilitar a asistencia ao festival poñen en marcha servizo de autobuses que sairá da estación de autobuses de Viveiro ás 15.00 horas e pasará por Xove (parada na estrada Gral), San Cibrao (estación de autobuses), Cervo (parada de bus do Concello), Burela (estación de autobuses), Cangas de Foz (parada de bus da Casa Selmira) e Foz (estación de autobuses). A volta será ás 4.30 horas.

## Rematan as obras de mellora da eficiencia enerxética do colexio

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP executou obras de mellora da eficiencia enerxética do CEIP Santa María do Valadouro, cun orzamento de adjudicación próximo aos 329.000 euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o centro educativo para comprobar o resultado dos traballos, que se realizaron tanto no exterior como nos espazos interiores do centro educativo. As obras incluíron a substitución das cubertas en mal estado nos soportais de acceso e no patio; así como na zona de despachos. As carpinterías exteriores cambiáronse por outras que proporcionan mellor illamento. O proxecto tamén contemplou a substitución das luminarias por ou-



tras tipo LED de menor consumo con detectores de presenza nos corredores; a instalación de falsos teitos e o pintado das zonas afectadas polas obras. Arias destacou que estas

actuacións enmárcanse no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Xunta para modernizar toda a rede de centros educativos públicos.

## Convocan para o 15 de xuño a festa de Santa Filomena no Cadramón



O próximo sábado día 15 de xuño, volverá a haber festa de Santa Filomena no Cadramón.

A Asociación Veciñal Santa Filomena do Cadramón organiza a cita coa colaboración económica da CMVMC do Cadramón. Haberá misa na capela ás 12.30 horas, a continuación procesión e sesión vermú a cargo do Dúo Estrellas.

Ás 14.30 horas haberá un xantar popular no campo da festa, previa reserva antes do día 10 de xuño, as prazas son limitadas. Así un ano máis tratan de recordar tempos pasados onde os veciños ían coas súas familias de merendas pasar o día de festa.

O menú, elaborado por Seiramar,

consta de empanada, churrasco, sobremesa e bebida.

Ás 18.30 horas haberá un concerto de música tradicional a cargo de Fol do Raxal de Cervo, actuación subvencionada dentro do programa Tradigalu 2024 de Cultura, da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a continuación a partir das 20:00 horas dará comezo a verbena co Dúo Estrellas e o Dúo D' Caché.

Dende a organización agradecen a Seiramar Espectáculos representante dos festexos, e tamén a colaboración do Concello do Valadouro e do Concello de Alfoz así coma a dos veciños que botan unha man para que esta festa saia adiante.

## Regresa A Mostra Cativa de Amado Lar

Os pequenos volven a ser os protagonistas na Mostra Cativa do Valadouro. Os máis cativos farán gozar a todos os asistentes e poñerán en valor a nosa cultura e tradición coas súas actividades. A asociación cultural Amado Lar organiza a cita o domingo 16 de xuño. O colectivo estará acompañado da asociación cultural

Ledicia e da agrupación O Feitizo. Na cita, que conta coa colaboración da concellería de cultura do Concello do Valadouro, poderase gozar das actuación dos máis pequenos. Este colectivo naceu nos anos 80, nun momento de auge das asociacións culturais e de recuperación das tradicións e na que o baile tradicional

estaba en auge. A presenza de Amado Lar na vida cultural do Valadouro nótase en máis momentos do ano ademais do Mercado de Primavera. De feito, outro dos momentos importantes é a celebración da Mostra que fan unha semana antes das Festas do Oito, que teñen lugar no mes de setembro.

### EN BREVE

**CAMPAMENTO.** Vegadeo pon en marcha o seu campamento de verá para os cativos do municipio dos meses de xullo e agosto. Son actividades lúdicas para nenos e nenas de 3 a 12 anos de luns a venres en horario de 9.30 a 14.30 horas. A preinscripción por semanas pódese facer ata o 14 de xuño en [www.vegadeo.es](http://www.vegadeo.es). A admisión comunícase vía telefónica. No caso de que os participantes superen o número de prazas terán prioridade os menores empadroados ou escolarizados en Vegadeo.

**CURSOS DE INFORMÁTICA.** Vegadeo organiza cursos de informática no verán. A iniciativa do Servizo de dinamización tecnolóxica local e Concello de Vegadeo terá lugar durante os meses de xullo e agosto, para nenos a partir de 9 anos. Trataranse as competencias básicas informáticas, mecanografía, Word, Excel e PowerPoint. Os interesados poden solicitar máis información no 985 63 44 05 e no 697 162 713

## A VII edición do Veiga Rock xa ten aos seus primeiros confirmados

Preparan a sétima edición de A Veiga Rock. A cita será o vindeiro sábado 3 de agosto no recinto feiral de Vegadeo, no que haberá unha nova descarga de rock e metal. Pero ademais, este ano dende a asociación están a programar outra serie de actividades xunto cos concertos.

A primeira banda confirmada é Materia Morta, que representan o espírito do festival. Unha auténtica banda rural, con xente que leva anos pelexándose por facerse oír, loitando porque se escoite a súa música. Veñen desde o outro lado da ría, coa súa old school hardcore, combativos e ferozes a rabiar.

Desde Vigo chegan Zálomon Grass, un trío que mestura de rock pro-

gresivo, blues e psicodelia, que eles mesmos definen como Cosmic Blues. O seu estilo retrotrae a décadas pasadas, aos comezos do rock pesado, do blues e da cultura dúas 60 e dúas 70.

Os terceiros confirmados son Aneuma que, pese a súa corta traxectoria, xa tocaron en grandes citas. Contan con integrantes de Legacy of Brutality ou da Escuela de Odio entre as súas filas e un gran directo. Suponse que fan death metal melódico, pro as súas composicións van máis aló e evocan desde o *power metal* máis escuro e pesado, pasando polo *hardcore* e destacando as súas melodías máis obscuras e *heavy*s.

# “A Feira do Trece xunta maiores e xente nova, e dálle vida ao pobo”

A asociación de Veciños San Sebastián de Carballido celebra a cita o 15 de xuño

Lucía Blanco

O Lugar do Trece, na parroquia de Carballido, en Alfoz, converterase o 15 de xuño no escenario dunha cita gandeira das de toda a vida. A asociación de Veciños de San Sebastián de Carballido, coa colaboración do Concello de Alfoz e da Deputación de Lugo, organiza unha nova edición da Feira do Trece que pouco a pouco foi crescendo dende o seu rexurdir no ano 2018, cando decidiron recuperala “un pouco por probar”. De seguido viron o gran poder de convocatoria desta celebración, asegura Simón Maseda, membro da directiva do colectivo veciñal, que aposta pola tradición, polo rural e polo sector agrogandeiro. Como vén sendo habitual, os asistentes poderán gozar da feira de gando e do mercado cunha selección de postos de artesanía, maquinaria, alimentación e produtos da zona. Ademais, o programa conta por primeira vez cunha proba de

andadura da Federación Hípica Galega. “É a gran novidade. Terá lugar pola mañá de 11 a 13.30 e pola tarde a partir das 16.30 e é puntuable para o Campionato Galego”. Grazas a esta aposta, a parroquia será epicentro do mundo ecuestre coa chegada dos mellores xinetes desde distintos puntos do territorio galego.

“Hai sobre unha decena de probas na tempada en todo Galicia e compiten cabaleiros de toda a comunidade que para puntuar teñen que asistir. Queremos pensar que virá toda esta xente, máis todos aqueles que adoitan vir e a maiores aqueles aos que lles gusta ver andadura”, explica. A proba preséntase coma o gran atractivo desta convocatoria, aínda que non dubidan en repetila se ten boa acollida. “Todos os anos facemos algo. A pasada edición tivemos un espectáculo ecuestre e este ano decantámonos por isto para ver como vai e se funciona,

porque é unha opción tela todos os anos”.

De novo, a feira poñerá en valor o sector primario da Mariña e distinguirá con premios os mellores exemplares en vacún e equino — para o lote máis numeroso de gando vacún e cabalar, ao mellor cabalo ou besta de montura e de tiro e á mellor vaca—. Haberá tamén pasacalles que amenizarán a xornada que contará con música tradicional, sesión vermú, xantar e verbena. “Supón bastante traballo organizala, pero xa levamos varios anos facendo e non é como a primeira vez, xa o temos máis controlado”.

**TRADICIÓN DE DÉCADAS.** Deste xeito, esperan asegurar o tirón da cita coa que manteñen viva unha tradición que se remonta décadas atrás. “Fai moitos anos en Carballido, o 13 de todos os meses había feira e a máis grande do ano era a de xuño, á que lle chamaban o 13 das



cereixas, porque viñan vendedores de cereixas e era na que se contaba con máis asistencia”. Pensaron que facela de xeito mensual non tería éxito, entón decidiron recuperala “na data na que era máis potente e organizala o sábado máis próximo ao 13 para reunir máis xente”.

O que comezou como unha forma de traer aos nosos días parte da nosa historia converteuse nunha cita que transcende xeracións e non entende de idades. “Empezamos un pouco por probar e vimos que se xuntaban moitos maiores para ver como era antes a feira, para ver os postos e comer aquí e tamén moita xente nova porque lle damos un toque para que pasen o día e des-

fruten”. Precisamente, a música é o principal atractivo co que conseguen que a rapazada tamén se atope entre o seu público máis fiel. “Gústalles máis a festa, entón contamos con actuacións todo o día e DJ ata a madrugada”.

Esta asociación espera reunir decenas de visitantes que se acheguen á parroquia para coñecerla, para pasar o día “ata que o corpo aguante” e para axudar a que unha tradición destas características non desapareza co paso do tempo. “É importante que se manteñan estas citas, porque é a forma de darlle vida ao pobo xa que vai quedando cada vez menos xente”, conclúe Simón.



## Máis de 400 alfocenses reuníronse no primeiro Día da Veciñanza

O domingo 12 de maio celebrouse o I Día da Veciñanza de Alfoz. As asociacións veciñais do municipio xunto coa Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo e en colaboración co Concello de Alfoz e a Federación de Asociacións de Lugo organizaron este evento que chegou a reunir a máis de 400 veciñas e veciños. “É un éxito de todas as asociacións, é un orgullo para o Concello ver como se organizaron e traballaron para que este día saíra tan ben”, apuntou o concelleiro de Educación, Igualdade e Participación, Eliseo Lorenzo.

“Debemos resaltar o papel das asociacións na dinamización das parroquias xa que fan as festas patronais e diversas actividades durante todo o ano de forma desinteresada, só pola satisfacción de ver á veciñanza gozar das mesmas”, engadiu o concelleiro. Dende a organización tamén se mostraron satisfeitos e contentos polo resultado da xuntanza: “Foi un día para o recordo, onde a xente ademais de comer e bailar puido recordar tempos vividos e conversar sobre como lles vai a vida. Esperamos volver a xuntarnos o ano que vén”.

### EN BREVE



**OBRADOIRO.** Celebrouse un Obradoiro de Educación emocional e técnicas de relaxación no Concello de Alfoz. A actividade, realizada en colaboración coa Escola Galega de Saúde, contou con moita participación e as persoas asistentes amosaron o seu interese en que volva a realizarse. Aprendéronse estratexias que poden resultar de utilidade para ter un adecuado manexo do estrés e a ansiedade.



**CENTENARIO.** Un dos veciños máis veteranos do concello de Alfoz, César Díaz Colmenares, celebrou o seu 102 aniversario en Carballido. Con motivo desta celebración, acercouse ao seu domicilio a alcaldesa, Efigenia Maseda, como representante do Concello, para agasallalo cunha cesta de diferentes produtos e flores. A alcaldesa afirma que “dá gusto ver a veciños con tanta experiencia e gozando de boa saúde”. Dende o Concello de Alfoz, deséxanlle que goce dun moi feliz aniversario.

## Alfoz celebra a Festa dos Chóferes en agosto e o mercado medieval en xullo

Xa falta menos para que Alfoz volva gozar do seu mercado medieval. En menos de dous meses O Castro regresará á Idade Media para revivir unha edición máis a historia e a lenda do Mariscal Pedro Pardo de Cela.

Dende a organización xa están a traballar na vixésimo cuarta convocatoria do evento para que tanto veciños como asistentes poidan desfrutar o 19 e o 20 de xullo dunha cita única nun entorno incomparable. As danzas medievais, os espectáculos con lume, visitas guiadas formaron parte da última edición, na que tamén houbo cetrería, postos para xantar, xogos e música. Tamén celebrará as festas na honra a San Cristovo, patrón dos chóferes en agosto. As citas terán lugar os 2, 3 e 4 de agosto aínda que de momento non se coñecen as orquestras que van a formar parte da celebración.

De novo será a Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo a que continuará poñendo no calendario esta xuntanza que na súa última edición contou con verbenas, procesións de vehículos polas festas e xogos populares.

# A Xunta inviste 1,2 millóns de euros na residencia de maiores

A Xunta de Galicia financiará con 1,2 millóns de euros a construción dunha residencia de maiores en Riotorto de titularidade municipal. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, o delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, e o alcalde do concello, Clemente Iglesias, visitaron hoxe a parcela na que se edificará o centro que disporá de 37 prazas.

Esta actuación desenvolverase no marco do novo Plan de Investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Executivo autonómico financia

unha vintena de proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais de titularidade municipal. Un plan acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

A construción da futura residencia de Riotorto terá un custe total de 1,8 millóns de euros e será o Concello o que se encargue da licitación e contratación das obras unha vez que se asine o convenio de colaboración entre as administracións autonómica e local. O inmoble presentará unha estrutura modular con semisoto,

que acollerá o garaxe e distintos servizos como o de lavandería; planta baixa para os espazos comúns, como comedor ou sala de enfermaría; e a planta alta que quedará reservada para as habitacións.

O xerente do Consorcio destacou o impulso histórico que supón o Plan de Investimentos, tanto na mellora de instalacións como na creación de 500 novas prazas de atención residencial e outras 150 de atención diúrna. Ao respecto, engadiu que este plan permitirá seguir reforzando a rede de servizos locais e de proximidade destinados ás persoas



maiores.

Pola súa banda, a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, afirmou que o financiamento para a construción dunha nova residencia para persoas maiores no concello

de Riotorto procede do Goberno central. Así o asegurou en resposta ao anunciado pola Xunta, concretamente polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Xefe da Xunta.

## EN BREVE

**EXCURSIÓN.** O club de lectura Avelino Díaz, en colaboración coa asociación cultural Avelino Díaz e a asociación de veciños A Órrea, organiza unha excursión a Ourense o sábado 20 de xullo para facer a ruta da novela de Eduardo Blanco-Amor A Esmorga, ademais doutras actividades e un almorzo para pasar o día. Para anotarse á actividade, que é aberta a todo o público, hai que chamar ao teléfonos de Araceli (628 671 655) e Carlos (636 721 008). A data límite para inscribirse é o 1 de xullo.

**CAMPAMENTO DE VERÁN.** O Concello organiza de novo este ano un campamento de verán para rapaces. Esta actividade inclúe obradoiros, excursións, xincanas, busca do tesouro e máis sorpresas. Será entre os días 1 e 31 de xullo en horario de 10 a 14 horas e está dirixido a nenos de 4 a 14 anos. As inscricións poden facerse na Casa do Concello antes do venres 26 de xuño ata completar as prazas dispoñibles, que son 30. O prezo por neno non empadroado no Concello é de 120 euros sendo de balde para os empadroados, incluído un almorzo. O servizo tamén contará con horario concilia, de 9.00 a 10.00 para aqueles que o necesitan.

**MAIORES.** O concello de Riotorto mostra unha vez máis conciencia cos máis maiores e organiza un curso de formación para cuidadores de persoas en situación de dependencia. Terá lugar o mércores 12 de xuño ás 16.00 no centro sociocultural Avelino Díaz. Para poder asistir é necesario inscribirse nos servizos sociais do concello de Riotorto, na praza das Rodrigas 1 ou no teléfono 982 346 222.

## A Xunta aproba un convenio para investir en envellecemento activo

O Consello da Xunta deu conta de dous convenios de colaboración cos concellos de Pereiro de Aguiar (Ourense) e Riotorto para dar continuidade ao desenvolvemento de programas de envellecemento activo e saudable. A Consellería de Política Social e Igualdade destinará 145.000 euros a financiar as actividades neste ámbito que ao longo deste ano se realicen nestas localidades a través dos seus servizos sociais comunitarios e coas que se prevé chegar a máis de 300 veciños.

O obxectivo destes acordos é prever situacións de dependencia e facilitar unha vida activa. Neste sentido, a Xunta colabora

con distintos concellos, en especial os de carácter máis rural e de menor poboación, para facilitar ás persoas maiores que viven nelles alternativas para o seu tempo libre, tales como: actividades de ximnasia, de ocio e lecer, cursos e chalas informativas ou obradoiros artísticos, entre outras. Ademais do financiamento de programas de envellecemento activo e saudable, outras iniciativas que a Xunta pon á disposición dos maiores para que desfruten desta etapa das súas vidas son, por exemplo: Benestar en Balnearios, Xuntos polo Nadal ou as Aulas Sénior.

As actividades que se fan en Riotorto teñen moita aceptación.



## Deputados do PP poñen en relevo en Riotorto as necesidades da provincia

Os deputados do Partido Popular na Deputación de Lugo trasladaron á comarca de Meira unha das reunións que realizan de xeito periódico polas distintas zonas da provincia. Nesta ocasión, visitaron Riotorto para poñer en valor este territorio entre A Mariña interior, a Terra Chá e a montaña; ademais de coñecer máis de preto as necesidades dos veciños e veciñas co obxectivo de trasladalas ante o goberno provincial. “É fundamental estar a carón dos lucenses”, subliñan os populares.

O portavoz, Antonio Ameijide, subliña que “o Partido Popular é o partido maioritario na corporación provincial, ademais de ser o que máis se parece aos lucenses”. Nese sentido, “seguiremos dando traslado das necesidades, suxestións ou queixas dos veciños e veciñas da provincia ante as distintas administracións e, no noso caso, ante a Deputación de Lugo”.

Un dos motivos polos que os veciños e veciñas trasladan as súas queixas é o mal estado da rede viaria provincial que dificulta o desenvolvemento da vida diaria dos lucenses e tamén lastra o desenvolvemento do territorio.

Pero a isto hai que sumar “a absoluta falta de interese do goberno de Tomé, PSOE e BNG por impulsar solo industrial no que asentar empresas coas que crear postos de traballo. Socialistas e nacionalistas néganlle á provincia a posibilidade de desenvolverse e asentar poboación”.

Un claro exemplo é o polígono de Riotorto. “O Concello e a extinta Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPUSA) tiñan asinado un convenio para a súa creación e, despois do traballo de anos por parte do Concello que ten aprobado o proxecto de urbanización dende novembro do 2019, o goberno provincial négase a apoialo para facer realidade a creación de solo industrial no municipio”, diñ.

“Tomé rexeitou claramente apoiar este polígono” segundo se desprende da carta dirixida ao alcalde en novembro do 2019 propoñendo que o Concello dirixira os fondos do Plan Único – agora Plan Deputación- para esta finalidade; o que suporía unha clara discriminación ao municipio que non podería levar a cabo ningún outro tipo de actuacións para as que está dirixido este plan”.

## Nas festas do sábado 29 haberá un xantar veciñal

O Concello de Riotorto organiza as súas habituais festas en honra a San Pedro, acompañada dunha comida veciñal.

Será o sábado 29 de xuño e para todos os que queiran asistir teñen ata o 22 do mesmo mes para comprar a súa tarxeta en todo os bares da localidade e na gasoleira por un prezo de 28 euros para os adultos e 12 euros para os nenos de 5 a 12 anos. O aforo será de 100 persoas, polo que non hai tempo que

perder.

O programa dará comezo á 13.30 cunha misa solemne, seguida dunha sesión vermú a cargo do dúo Dilema. A comida veciñal estará servida polo catering Las Salinas e constará de empanada, salpicón de marisco, churrasco, *criollo*, polo, sobremesa e bebidas.

Despois de comer, a diversión continuará coa actuación do mesmo grupo, coa que se dará por finalizada a sesión.



# DEPUTACIÓN

## A Deputación destina 30.000 euros ao impulso do pequeno comercio

O presidente, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co presidente da Federación de Comercio, José María Seijas, para apoiar o funcionamento da oficina técnica que o colectivo ten en Lugo e na que traballan 8 persoas para informar e asesorar aos establecementos e asociacións do sector.

A institución provincial achega 30.000 euros ao colectivo para o funcionamento da oficina técnica de información e asesoramento ao comercio da provincia, un servizo que conta con 8 traballadores.

José Tomé afirmou que institución provincial renova esta colaboración no marco do seu compromiso de seguir apoiando ao tecido empresarial porque “manter unha oficina de asesoramento é crucial para o seu desenvolvemento e crecemento”. “Seguimos traballando para impulsar a economía local e brindar oportunidades aos emprendedores, axudarlles no seu día a día, dándolles respaldo e os recursos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade. Os nosos comerciantes



locais son máis que simplemente vendedores: son membros activos e valiosos da nosa comunidade”.

Para o mandatario provincial é “moi importante que estas oficinas estean en Lugo porque supón unha vantaxe importante para os comerciantes da nosa provincia que se poden achegar en persoa dende os seus negocios a resolver calquera dúbida ou realizar calquera xestión cos técnicos, ao igual que tamén os técnicos acoden aos comercios para informarlles en persoa de campañas ou proxectos que están desenvolvendo, por exem-

plo”, resaltou.

Puxo en valor o asesoramento que prestan dende a Federación porque “contribúe a mellorar e potenciar a competitividade do comercio de proximidade”. “A Deputación é consciente do papel fundamental que teñen os pequenos negocios na economía local e provincial e na xeración de emprego”. Así mesmo, incidiu en que esta axuda servirá para traballar nos retos que teñen por diante, “que pasan por sensibilizar aos consumidores da importancia de mercar nos establecementos de proximidade”.

## O BNG defendeu no Pleno un acordo nacional pola lingua galega

A deputada Iria Castro, responsable de Cultura no goberno provincial, sinalou ao Partido Popular como o “partido do non ao galego”, despois de que o grupo popular votase no pleno en contra dunha proposta para traballar a favor dun acordo nacional polo futuro da lingua galega, que reverta a tendencia de perda de falante que se ven dando de forma moi acusada na última década.

Iria Castro puxo en valor a capacidade e relevancia económica e social da creación musical, audiovisual e

editorial en galego “a pesar das trabas que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza pon á creación en galego”, poñendo como exemplo o recorte do 60% nos recursos para fomentar a dobraxe ao galego, e incidiu na necesidade de medidas que “palien a sangría de falantes, sobre todo entre as xeracións máis novas”

A proposta, aprobada no Pleno polo goberno provincial pese ao voto en contra do PP, insta á Xunta de Galiza a elaborar unha nova Lei de Normalización Lingüística, que actualice e

adapte á realidade da sociedade galega actual o texto de referencia para a normalización social do galego e a elaborar un novo decreto para os usos lingüísticos no ensino.

Tamén demanda recuperar os niveis de investimento en políticas lingüísticas, potenciando o investimento en contidos dixitais de calidade, en galego, dirixidos á mocidade e crear dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial.

## Adxudicadas as tarefas de desbroce en estradas

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a adxudicación, por 571.396,47 euros, dos traballos de desbroce de estradas provinciais ao seu paso por 11 concellos da provincia. “Nas vindeiras xuntas de goberno adxudicaranse os traballos para o resto de vías, ata completar os 4.217 quilómetros que conforman a rede de estradas coa que conta a Deputación”, avanzou Rivera Capón.

As tarefas de desbroce corresponden ás zonas de 5 lotes do contrato, que son as que afectan aos concellos de Castro de Rei, Pol e Meira; Castroverde e O Corgo; Ribeira de Piquín e A Fonsagra-

da; Negueira de Muñiz e Navia de Suarna; e Chantada e Carballedo. O contrato para acometer os desbroces da rede viaria provincial está dotado con máis de 3 millóns de euros e está dividido nun total de 24 lotes.

“A rede de estradas da Deputación é a máis extensa de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos. De feito, neste ano 2024 están consignados 20 millóns de euros nos Orzamentos para as estradas provinciais, o que supón un incremento dun 42% no último mandato”, sinalou Rivera.



## Presentan nun congreso o sistema de atención aos maiores da entidade

A Deputación de Lugo acolleu a xornada *A prestación de servizos de calidade ás persoas maiores nos municipios de pequeno tamaño como estratexia contra o despoboamento*, organizada pola Fundación Democracia y Gobierno Local en colaboración coa propia institución provincial. O congreso, ao que asistiron un centenar de persoas, reuniu a expertos e profesionais do sector da prestación de servizos sociais que destacaron a rede pública de Centros de Atención a Miores da Deputación como exemplo de políticas útiles para favorecer o benestar social e afrontar o reto demográfico, e, polo tanto, como estratexia eficaz para fixar poboación.

Rivera Capón sinalou que “a atención á terceira idade é unha das

prioridades da nosa provincia. Unha obriga sanitaria, un compromiso de xustiza social ineludible e tamén un elemento clave para revertir as tendencias demográficas adversas que continúan a drenar a poboación do rural”. Sinalou o Deputado que “ninguén quere, nin pode, vivir nun lugar no que non haxa escola infantil, colexio, médico ou servizos de atención aos maiores que lles permitan recibir os cuidados que precisan sen ter que marchar do seu entorno familiar”.

Destacou que atendendo a criterios da Organización Mundial da Saúde (OMS), Lugo debería contar con 4.863 prazas de residencias e lamentou que “o Goberno da Xunta presume de que ten 400 prazas públicas e preto de 1.000 en residencias concertadas”.

### ÚLTIMA GUÍA SOBRE O ROMÁNICO

A Catedral de Lugo acolleu a presentación da cuarta e última guía do románico editada pola institución provincial para difundir e poñer en valor este patrimonio na provincia, dedicada ás comarcas de Lugo, A Terra Chá e A Mariña. Un libro que, tal e como explicou José Tomé, vén a completar o proxecto editorial que iniciou a Deputación no ano 2021 con publicacións sobre este tipo de arte no conxunto da provincia.



## MAR

## O BNG propón en Foz o saneamento integral das rías, ríos e praias



Cargos orgánicos e institucionais do BNG estiveron no mercado semanal de Foz, onde informaron das propostas nacionalistas de cara ás vindeiras eleccións ao Parlamento Europeo do 9 de xuño. “É necesario que a sociedade galega teña voz propia en Bruxelas porque existimos politicamente e podemos defender os nosos intereses cando temos capacidade para falar e intervir sobre todo aquilo que nos afecta”, afirmaron os nacionalistas, engadindo que “iso é o que garante o BNG a través de Ana Miranda, porque o noso escano en Bruxelas é desde hai anos o escano do pobo galego en Europa”.

Centraron a súa mensaxe na cohesión territorial e a sustentabilidade ambiental e enerxética e tamén no dereito de Galiza a xestionar de forma directa os fondos da Unión Europea. Tarifa Eléctrica

galega. Apostan pola soberanía enerxética dos pobos e polas enerxías renovables pulando por unha transición social e territorialmente xusta e defenden a capacidade de decisión de Galiza para definir e organizar o seu novo modelo enerxético así como o recoñecemento do dereito de ter unha Tarifa Eléctrica galega que lle permita a Galiza facer do seu papel de produtora excedentaria un motor de desenvolvemento económico e social e coherencia coa existencia de tarifas diferenciadas que existen en toda Europa. O saneamento integral das rías e dos ríos galegos, praias e espazos costeiros é outra das preocupacións do BNG, que considera moi necesario o control efectivo da execución dos saneamentos no cumprimento da Directiva Marco da Auga como prioritario.

### CONTROL DE OPERACIÓNS CON DRONS



O Porto de San Ciprián, a praia do Torno, e as instalacións cedidas polo Concello de Cervo ao Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) no polígono de Cúña foron os lugares elixidos para realizar as diferentes probas de validación tecnolóxica, coordinadas polo equipo de enxeñería do ITG, que despregou a súa tecnoloxía de unidade móbil de control de operacións con drons e varios vehículos aéreos non tripulados. Os exercicios contaron coa participación do Grupo de Emerxencias Municipal (GES), ademais da empresa Nordés Tech (especializada na prestación de servizos e emerxencias a través do Dolphin 1+, o primeiro vehículo a control remoto no mundo dedicado a salvamento marítimo); e da empresa el Farero Audiovisuales.

## Expomar prepara a XX edición da feira tras o éxito da última

O xerente da Fundación Expomar, José M. González ‘Brais’, aproveitou a xornada inaugural da feira Navalía para departir co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o conselleiro do Mar da Xunta, Alfonso Villares, aos que convidou a inaugurar en Burela o próximo mes de maio a vixésima edición da Feira Expomar.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, é un dos principais impulsores das actividades que organiza a Fundación, como a feira Expomar e os diferentes eventos pesqueiros que se celebran en Burela cada ano, como as recentes Xornadas Técnicas e Encontro Empresarial.

O representante da Fundación está a manter contactos con diferentes empresas do sector que están presentes en Vigo, tanto visitantes xa coñecidos de Expomar, que repetirán presenza o próximo ano, como novos e potenciais expoitores que participarán por



primeira vez na 20ª edición do evento.

Na primeira xornada do salón, desde Expomar tamén se mantiveron encontros coa delegación da misión comercial da Cámara de Comercio de Barlovento (Cabo Verde), con quen se garda excelentes relacións desde hai anos, así como co mesmo alcalde de Vigo, Abel Caballero, a quen ta-

mén se convidou a visitar Burela. Segundo José M. González ‘Brais’, os resultados están a ser altamente positivos, “xa que moitos expoitores que participaron na última edición da nosa feira xa dan por segura a súa presenza en 2025, e outras empresas que nunca expuxeron en Burela si mostraron moito interese en estar presentes nesta nova edición”.

## Mergulladores limparon os fondos na praia portuaria de Celeiro

O sábado 1 de xuño desde as 9 da mañá ata as 12 do medio día mergulladores do CAS Costa de Lugo (Centro de actividades subacuáticas-Club de Mergullo) participaron nunha actividade de limpeza de fondos mariños. Ao redor de vinte mergulladores dedicáronse durante máis de dúas horas a limpar os fondos na praia portuaria de Celeiro nunha iniciativa solidaria e altruísta do centro.

En representación do sector pesqueiro estivo presente o secretario da Confraría de Pescadores, Máximo Díaz, e tamén estivo o concelleiro do Mar do Concello de Viveiro, así como que o presidente do CAS. Diversos voluntarios dedicáronse a limpar o areal da praia portuaria, que en días pasados fora tamén xa limpadado por alumnos do María Sarmiento e o venres por alumnos do centro Aspanane.

Ao final da xornada rexistrouse unha satisfacción xeral pola recollida dos residuos e a valoración foi moi positiva dado que, “recolleuse menos lixo que a última vez que se fixo outra actividade deste tipo antes do Covid”.



Os mergulladores destacaron en xeral o bo estado do fondo, onde din hai algún que outro cabo, algunha nasa, pero en xeral o estado da dársena pódese cualificar como bo. O secretario da Confraría de Celeiro sinalou que “estamos moi satisfeitos de colaborar co Cas Costa de Lugo, é xa a segunda vez e non descartamos que se faga máis veces”. Destacou que “o menos que podemos facer é colaborar, como sector pesqueiro somos os primeiros

interesados en implicarnos en coidar, rexenerar, conservar e preservar do medio mariño”. O tema dos residuos e o lixo mariño é algo que nos afecta a todos, “é un problema global, o ser humano xera o 100 % dos residuos mariños e desa porcentaxe o 80 % corresponde a residuos plásticos. Se seguimos así no 2050 hai estudos preocupantes que sinalan que os plásticos serán un problema preocupante para os océanos”.

## Pedro Blanco destaca en Celeiro a importancia de modernizarse

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, remarcou a importancia de modernizar o sector mar-industria para asegurar o mantemento dunha actividade rendible e competitiva, “fundamental para o futuro da pesca en Galicia”. Así o afirmou durante un encontro cos responsables do grupo Puerto de Celeiro e da Confraría de pescadores, no que estivo acompañado pola alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e a subdelegada na provincia, Isabel Rodríguez. O delegado enmarcou esta reunión “no diálogo permanente deste Goberno co sector pesqueiro, un encontro positivo e produtivo para dar unha resposta conxunta aos retos e desafíos dunha industria que dá traballo a máis de 50.000 persoas, un 50 % do emprego marítimo pesqueiro de toda España”. Neste senso, quixo remarcar que “estamos ao carón do sector co fin de impulsar o tecido produtivo e o desenvolvemento económico da pesca en Galicia”, poñendo como referente ao Porto de Celeiro como un paradigma do que o Goberno defende, “a aposta por unha actividade pesqueira moderna, sostible e con futuro”.

Así, salientou “que o futuro do sector pasa pola renovación e modernización da frota para contar con



barcos máis seguros, eficientes e confortables que avancen cara á descarbonización”. Neste marco, avanzou que proximamente saíran as axudas do PERTE Mar-industria, unha convocatoria con 40 millóns de euros de orzamento do Plan de Recuperación, “tan demandado pola industria galega”. Por outra banda, Pedro Blanco informou que Galicia é a CCAA que máis fondos recibe do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) en España, cun total de 366 millóns de euros, polo que pediulle á Xunta responsabilidade na xestión e que execute todos os programas “para que non quede nin un só euro sen investir en Galicia”.

Nesta liña, o Goberno de España destinou 70 millóns de euros en axudas para combustible, compensando os custos extraordinarios derivados do Brexit, a COVID-19 ou a guerra da Ucraína. Ademais, o delegado incidiu na falta de relevo xeracional e na transcendencia de accións encamiñadas na formación marítimo pesqueira, como a que se promoveu no Porto de Celeiro a bordo do buque Intermares. Como conclusión tras a xuntanza, o delegado rematou aseverando que “recollemos as demandas do sector e seguiremos traballando da man, porque o Goberno de España cre na pesca e no seu futuro”.

## O BNG saca adiante unha moción para pedir á Xunta que exima do pago de taxas portuarias

O BNG sacou adiante no pleno provincial unha moción na que reclama á Xunta eximir do pago de taxas polo uso de terreos portuarios a concellos e asociacións sen ánimo de lucro. A proposta, aprobada malia o voto en contra do Partido Popular, reclama a Xunta de Galiza unha modificación da normativa para establecer exencións de pagamento no caso de actividades organizadas polos concellos ou polo tecido asociativo.

No debate plenario, o deputado e portavoz do BNG Daniel García explicou que as taxas supoñen un lastre para as arcas municipais e tamén para o tecido asociativo da Mariña, que desenvolve un papel fundamental na dinamización social, cultural e económica da comarca.

O deputado nacionalista retratou ao Partido Popular. “Non lles importa a Mariña. Nin os concellos. Nin as asociacións”, concluíu durante o debate plenario, no que deixou clara a viabilidade da medida proposta, referíndose a outros casos nos que a Xunta si estableceu exencións.

## Cajoto denuncia que Foz perde cartos polo incumprimento na cesión de terreos de Portos

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, denuncia que o Concello perde 120.000 euros ao ano polo incumprimento na cesión de terreos de Portos de Galicia. O rexedor tratou este asunto co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) porque esta entidade e a Xunta de Galicia asinaron no ano 2021 un convenio para a cesión de espazos portuarios en desuso, acordo que aínda non se cumpriu.

Fran Cajoto recibiu a visita do presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias e alcalde de Vilagarcía, Alberto Varela Paz. Na reunión trataron distintos temas de interese, como a infrafinanciación da Xunta de Galicia no municipio, que supón un sobrecusto de 800.000 euros anuais para as arcas municipais. “O Concello de Foz está asumindo competencias da Xunta no servizo de axuda no fogar e na residencia de maiores e non recibe os fondos necesarios para sufragar estes servizos”.

Ademais, Portos de Galicia está incumprindo un acordo do ano 2021 coa FEGAMP e obrigando ao Concello a pagar 120.000 euros anuais en concepto de taxas pola ocupación de espazo para servizos públicos como a piscina, a aula de seguridade viaria, a celebración de festexos, a nave do club Kayak ou a celebración do mercado dos martes. “Estamos a falar de máis de dous anos e medio e aínda non sabemos nada da valoración da solicitude, resulta completamente inaceptable”, explica Cajoto.

O alcalde indica que este desfase nas contas estano pagando as veciñas e veciños de Foz, cando non lles corresponde. “A través das taxas e impostos municipais, que foron actualizados, temos que suplir a falta de financiamento da Xunta. Demandamos o mesmo compromiso que hai desde Santiago con outros concellos: nin máis nin menos”, finaliza Fran Cajoto.

## O PP insiste en Burela na necesidade de ter un comisario de Pesca

O Partido Popular de Galicia insiste na súa demanda de que a Comisión Europea cree nesta próxima lexislatura un comisario específico de Pesca para que as políticas comunitarias neste eido non estean sometidas exclusivamente a criterios medio ambientalistas e garantan o equilibrio co sector: “O futuro do planeta ten que ser verde e o do mar, azul; pero non a costa de que o futuro da nosa xente do mar sexa negro”.

Así o manifestou o candidato do PP ao Parlamento Europeo Francisco Millán Mon nunha visita á confraría de pescadores de Burela, que na súa opinión exemplifica as consecuencias negativas para a frota galega e para a Mariña lucense de decisións como foi o veto á pesca de fondo. “Este veto foi o resultado de primar os intereses dos peixes fronte aos dos pescadores e ademais non se fixo ben: nin contou cun estudo de impacto nin distinguíu entre dúas artes tan diferen-

tes como o arrastre e o palangre”, afirmou amosando o seu compromiso de reverter este veto ou, polo menos, excluír ao palangre dado que “o seu impacto no fondo mariño é practicamente inexistente”. Neste sentido, a existencia dun comisario específico de Pesca, tal e como propón o PP no seu programa electoral, sería a garantía de que “as políticas pesqueiras europeas non estarían sometidas exclusivamente a criterios próximos ao ecoloxismo radical, senón que recollerían as necesidades e preocupación da xente do mar e defenderían os seus intereses”.

Pola súa banda, o responsable de Mar no Goberno galego, Alfonso Villares, afondou nesta cuestión defendendo que a frota galega é a que “máis e mellor conserva os mares e protexe os seus ecosistemas” e incidiu no moito que o sector mar-industria da nosa Comunidade se xoga nas eleccións europeas.

## Amplían as prazas de amarre de embarcacións no porto de Celeiro



A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia está a investir 650.000 euros nas obras de ampliación de prazas de amarre para embarcacións profesionais e recreativas no porto de Celeiro, no municipio lucense de Viveiro. Así o trasladou o titular do departamento autonómico, Alfonso Villares, que visitou as obras acompañado polo presidente do ente público, José Antonio Álvarez.

Durante a súa visita, o conselleiro supervisou os traballos que consisten na dotación de novas prazas de atraque mediante a instalación de peiraos flotantes e a recolocación dun dos existentes. Con esta actuación darase cobertura ás necesidades de toda a frota profesional (3ª

lista) e de recreo (7ª lista). Para a 3ª lista contéplanse 18 novas prazas de esloras entre 8 e 14 metros e para a náutica, 52 prazas de 6 metros.

Concretamente, os traballos inclúen o deseño dun novo para a frota profesional, situado na marxe sur da dársena, xunto aos peiraos de descarga de embarcacións da terceira lista. Polo que respecta aos atraques para embarcacións de recreo, situaríanse no marxe este da dársena e os dous peiraos deportivos contarán con accesos independentes. Finalmente, para dar cabida á frota profesional será preciso recolocar un dos peiraos deportivos actuais de forma que garanta a manobrabilidade das embarcacións.

# DEPORTES

## Leña Verde de Vegadeo recupera o Torneo 24H de Fútbol Sala

A asociación cultural Leña Verde de Vegadeo traballa para recuperar o Torneo 24H de Fútbol Sala. O único requisito que deben cumprir os participantes é ter mínimo 15 anos. A competición, para a que as inscricións xa están abertas ata o día 14, será desde as 20.00 horas do 21 de xuño ata o sábado 22 no polideportivo municipal. Participarán 20 equipos e cada un deles deberá aboar 80 puntos e haberá comida e servizo de barra. Os tres primeiros clasificados recibirán 800, 400 e 200 puntos respectivamente e ademais entregarán trofeo ao maior goleador e ao mellor porteiro.

## O club Atletismo Ribadeo sobe ao máis alto do podio no Desafío Costa Tapia

Sete atletas do Club Atletismo Ribadeo desprazáronse ata Tapia para participar no Desafío Costa Tapia, no que se podía correr en dúas opcións: 14Km e 5km ou en ambas modalidades e así entrar na categoría Desafío. O equipo optou por participar na proba Sspeed Trail 14km, conseguido estar todos representados no podio, tanto na categoría absoluta como por categorías. Deste xeito, Marcos Conde Llerendrosos coa marca de 0:53.51 a 03:51/km logrou dous podios: 2º absoluto e 1º M40M. Brais García González (0:53.59 a 03:52/km) tamén logrou un 3º posto absoluto e un 1º Sub 18M.

Pola súa parte, Villu Gómez Pérez (0:57.25 a 04:06/km) acabou segundo na categoría M35M e sexto absoluto; Yago Freije Mariño (0:58.53 a 04:13/km) foi primeiro SNM e 10º absoluto e Janfri García Fernández (1:00.11 a 04:18/km) foi segundo M45M e 13º absoluto. Lourdes López Villar (1:08:21 a 04:53/km) tamén se fixo con dous podios: un terceiro posto na categoría absoluta e primeira SNF, mentres que Sonia González Valea (1:10.42 a 05:03/km) quedou segunda M45F e 31º na modalidade absoluta.

O club prepara unha nova edición da Carreira Nocturna A cita, que chega a súa sexta convocatoria, será o vindeiro 17 de agosto e contará cun percorrido de 9 quilómetros. A carreira absoluta será ás 21.45 horas dende Rinlo e a de cativos a partir das 20.00 horas no parque San Francisco, mentres que os infantís e os cadetes saíran dende ás 21.30 dende o faro.

## Barreiros e Ribadeo acollerán este verán dous campus de fútbol



### RIBADEO

Do 8 ao 12 de xullo terá lugar en Ribadeo a segunda edición do Campus de Fútbol do Real Oviedo, que foi presentado no Concello e que está destinado a rapazas e rapaces nados entre 2018 e 2009. César Martín, director de Relacións Institucionais do Real Oviedo, asegurou que a última edición fora magnífica.

É unha semana de moita intensidade, de moito fútbol, doutras actividades. E logo culmínase cunha visita a Oviedo na que poden pasar unha mañá con algún xogador do primeiro equipo do Real Oviedo. O presidente dá SD Ribadeo, Valentín Coto, manifestou o seu agradece-

mento: "Na SD somos sobre 250 nenos e esperamos que a maioría deles inscribáanse no campus. O ano pasado saíu todo perfecto. Así que, nada, que contedes con toda a colaboración, tanto do SD Ribadeo como dos monitores e técnicos que temos no club, para o que necesitamos para a semana do 8 ao 12 de xullo".

O alcalde, Dani Vega, agradeceu tanto ao Real Oviedo como ao SD Ribadeo: "Nós desde o Concello, desde a Concellería de Deportes, tanto Iván como Silvent están a traballar para que Ribadeo sexa ese centro de campus, desde un punto de vista deportivo e que a nós impórtanos moitísimo.



### BARREIROS

Barreiros acolle por cuarto ano consecutivo o Campus de Verán da Fundación Celta de Vigo. Dirixido a nenos e nenas de 4 a 16 anos, tanto do municipio como doutras localidades, o campus ofrece a oportunidade de mellorar a súa formación futbolística a través das metodoloxías lúdico-educativas de adestramento da canteira do RC Celta. Ademais, fomenta valores como o compañeirismo, a superación, xunto cunha educación integral.

O campus desenvolverase en Barreiros do 29 de xullo ao 2 de agosto, nos campos de fútbol dos equipos locais, Celta de Barreiros e Iberia. As inscricións xa están abe-

tas e toda a información necesaria está dispoñible na web [www.rcelta.es](http://www.rcelta.es). O Concello de Barreiros ofrece un desconto de 32 euros para ás crianzas empadroadas en Barreiros na data do 01/01/2024.

"Agradecemos ao RC Celta por confiar un ano máis no noso municipio como sede deste gran evento", din desde a organización. O Concello de Barreiros agradece tamén a colaboración dos equipos de fútbol locais, o Celta de Barreiros e o Iberia, pola súa implicación e apoio continuo ao campus, evidenciando a importancia da cooperación entre diferentes entidades para fomentar o deporte de base en Barreiros.

## Os motores volven ruxir na XI Subida á Pontenova

Como xa vén sendo tradición na Pontenova, na primeira fin de semana de xullo volverán ruxir os motores e cheirar a gasolina. A Escudería A Pontenova, grupo organizador da Subida A Pontenova, presentou o cartel da celebración para a súa onceava proba.

Esta cita será os vindeiros 6 e 7 de xullo e é unha proba deportiva que puntúa para o Campionato Galego de Montaña. A proba de motor está centralizada na localidade de Pontenova que lle dá nome e o tramo de subida sempre está localizado na

estrada LU-4803, entre os puntos quilométricos 0.45 e 5.25, con 4,8 quilómetros de lonxitude.

A praza dos Fornos acollerá como todos os anos o parque de custodia, no que se concentrarán os vehículos para realizar as verificacións técnicas e administrativas previas á carreira, que se disputará en catro mangas cronometradas. Dúas na tarde do sábado e outras dúas o domingo pola mañá. A Federación Galega de Automobilismo destaca que é "unha das carreiras con mellor trazado e seguridade de todo o certame".



## Remata a Liga da billarda en Remourelle co triunfo dos Troitas Bravas

### Daniel Rodríguez Saavedra

Remata a tempada da LNB da conferencia NorLeste no campo da festa de Remourelle nunha animada tarde con sesenta e nove palanadores presentes (corenta e sete homes, quince donas e sete cativos). Fóronse rematando os grupos con Regueiro facendo pleno de puntos en modo estela e a súa compañeira, a infantil Antía, como segunda da xornada. Con un desempate entre Manolo, Aroa e Markytos resolveuse o terceiro chanzo do podio sendo o tricampión nacional quen se fixo con el.

En donas Aroa foi a mellor, seguida de Maricarmen e de Pamela, o que lle permitiu tamén á ribadense superar a Cris na xeral e quedar como campioa da tempada, xa que logo Cris foi segunda e terceira Vanesa. En infantís, Antía e Alba quedaron por riba de Mateu nesta xornada aínda que os campións da tempada xa estaban decididos. Diego, Mateu e Alba tiñan o traballo ben feito.

En equipos tamén estaba todo dito. Campións os Troitas Bravas da Pontenova, seguidos dos ribadenses Billardeiros Musicais e dos lucen-

ses Madia Leva. Os campións volveron ser os mellores da xornada, Billardeiros Musicais segundos e estreado podio Billarda Verde de Castroverde.

A pista algo mais curta permitiu que os especialistas acadaran sete tiros directos e con tres palanadores empatados a dous varados, houbo que recorrer a un desempate para saber quen era campión. Charli, con dous varados máis, superou a Toño e Morás e fíxose co título.

Chegou o momento dos campións e Basilio foi quen de aguantar o tipo, aumentando aínda a vantaxe que tiña con Sachas, e Cortón que ía de terceiro viu como un entonado Charli lle arrebatava o terceiro posto.

Coa torrezmada de costume e a entrega de agasallos aos gañadores, rematou esta tempada chea de emoción e de novos valores emerxentes que van tomando o relevo dos veteranos.

Agradecer ao Concello de Ribadeo os trofeos doados, a Suso Villarino e a tódalas persoas que fan posible que esta tolemia da billarda siga para diante, graziñas.

## O Lourenzá coróase como campión da Segunda xuvenil

O Lourenzá coroouse como campión da Segunda xuvenil. Os mariñáns acadaron o título tras o seu encontro co Palas B na Cheda (1-3). Tras un primeiro tempo que estivo bastante igualado para ambos equipos, o Lourenzá adiantouse no marcador aínda que os locais lograron empatar na segunda parte. O segundo e o terceiro tanto do Lourenzá acabaron por sentenciar o enfrontamento.

As categorías do fútbol base, entre prebenxamín e xuvenil, escolleron aos gañadores das Copa Deputación 2024, a excepción da infantil.

Na categoría xuvenil o título foi para o Milagrosa, que se fixo coa Copa despois de obter o ascenso á Galega na fase de Liga. Os lugueses impuxéronse ao Becerreá por 2-0 na final celebrada no campo da Ribela de Sarria o sábado pola tarde.

Xove foi o lugar escollido para a final cadete, na que dous equipos da Mariña competían polo trofeo. Foi o Viveiro o que levantou a Copa logo de vencer ao Lourenzá por 0-2. Estes últimos veñen de conseguir o ascenso á Galega mentres que os viveirenses quedaron ás portas.

Na categoría infantil o gañador foi



escollido entre o Residencia e o Piringalla, para levarse o triunfo por 1-2 o equipo laranxa.

Tamén repartíronse os tres trofeos no fútbol 8. A gran maioría dos equipos de cada categoría disputaron a fin de semana do 18 e 19 de maio a primeira fase da Copa, na que quedaron seleccionados 8 equipos en cada categoría que o domingo 26 disputaron a fase final nunha Final Four.

Na alevín o gañador foi o Lugo, que venceu ao Casás no último partido. Os albivermellos son deste xeito campións de Liga e de Copa.

Na benxamín foi o Piringalla o que se alzou co valorado título ante o Viveiro. O equipo laranxa queda-

ra subcampión de Liga, tralo Polvorín, e recolleu orgulloso o seu título. O mariño quedou tamén ás portas da clasificación para o Campionato Galego durante o curso, que si foi para o Piringalla. As dúas finais de Copa disputáronse en Vilalba, repartidos entre o estadio Roca e a Madalena.

A Copa prebenxamín foi para o Santiago de Foz, que levantou o trofeo de campión no campo da Cheda. Venceu no último partido ao Piringalla, equipo campión da Liga regular.

Quedan por disputarse as semifinais e finais das Copa Deputación para as categorías sénior, a Primeira-Preferente, a Segunda-Tercera e a Feminina.

## Grandes figuras do hóckey imparten un campus en Ribadeo

Ribadeo será escenario desde o 30 de xuño ata o 5 de xullo do campus CHL Meigas de hóckey liña, que organizan o Concello e o club de hóckey Isla Panca.

O campus está destinado a rapazas e rapaces nados ata o ano 2015. Será impartido por xogadores da talla de Asier Gayoso, Andreu Tomás, Juan Escudero ou Tommy Soeder, deportistas que teñen un amplo palmarés no hóckey liña.

Os participantes gozarán de surf e praia, segundo destacan desde a organización. No acto de presentación deste campus participaron o alcalde de Ribadeo, Dani Vega; o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent; o técnico municipal de Deportes, Iván López; e Marcos Cabanas, Presidente de Club de Hóckey Isla Panca; e Alejandro Fernández, director técnico do CHL Meigas. O edil de Deportes agarda que "todos os rapaces e rapazas disfruten e aproveiten ao máximo este campus de hóckey liña, no que van estar en contacto con destacadas figuras deste deporte".

## O ADC Alboi organiza en Viveiro un torneo de fútbol 3x3 en xullo

O ADC Alboi organiza en Viveiro un torneo de fútbol 3x3 os días 17, 18, 19, 20 e 21 de xullo. Poderán participar un máximo de 12 equipos por categoría, que inclúen benxamíns (2010/2011), alevíns (2008/2009), infantís (2006/2007) e cadetes (2004/2005). Pola participación a todos os xogadores entregáranse unha medalla e recibirán trofeos os campións e subcampións de cada categoría.

Xogarase no sistema de liga todos contra todos en cada categoría, clasificándose os 4 primeiros de cada categoría, que xogarán unhas semifinais e os gañadores pasarán ás finais. En principio os equipos serán de formación libre: masculinos, femininos ou mixtos. Ningún xogador poderá inscribirse en 2 equipos.

O mércores 17 é a quenda dos Benxamíns, o xoves seguen os alevíns e o venres e sábado faranos os infantís e cadetes. To-



dos serán en horario de 10.00 a 14.00 e de 18.00 a 00.00. as semifinais e finais serán o domingo. As inscricións pódense facer dende o 1 de xuño ao 7 de xullo na web [www.galitimng.com](http://www.galitimng.com). Teñen un prezo de 20 euros por equipo.

## O Burela feminino fai historia e gaña a Liga Galega xuvenil



A base feminina do Pescados Rubén Burela FS fai historia. O equipo xuvenil do club gaña a Liga Galega, que supón o primeiro título galego na historia do club para un equipo da base feminina.

As mariñas conseguiron unha vitoria máis e venceu no último encontro ao Bembibre. Tamén na base feminina, o equipo benxamín feminino proclamouse terceiro clasificado na Liga Galega da súa categoría.

## NOVO ADESTRADOR DO CELEIRO



O Celeiro Club Del Mar de fútbol afrontará a vindeira tempada cunha gran novidade, pois estrea adestrador. Jesús Rialponse á fronte do club mariño para iniciar unha nova etapa co equipo.

## Marta Castro, campioa de España de bádminton



Rematou na Estrada o Campionato de España Sénior de bádminton, despois de tres longas xornadas, onde se deron cita 329 xogadores chegados de toda España e que contaba con dous representantes do club O Cemedo de Viveiro. Marta Castro conseguiu, xunto ca súa parella Dolores Sarmiento (Athlos-Ourense), o subcampionato na categoría

de dobre feminino C1. Por cuarto ano consecutivo, Marta ascende ao podio do Campionato de España tras ser bronce nos anos 2021 e 2022 e prata no 2023. En todas as citas formou parella con Dolores, o que a converte nun referente do bádminton galego sénior, e lucense en particular, a nivel nacional.

# “No hóckey atopas un ambiente que non hai noutros deportes”

Xogadores de Ribadeo, Trabada ou Xixón forman parte do club Isla Pancha

Lucía Blanco

O club Isla Pancha prenda o gusto polo hóckey en Ribadeo. Os mariñáns encóntranse entre os tres equipos lucenses que apostan por esta práctica deportiva. “Nós somos os minoritarios dentro dos deportes minoritarios”, conta Marcos Cabanas, que se estreou na presidencia tras a renovación completa da directiva. “O club naceu sobre o 2010 e daquela só había un equipo e non houbo outro ata despois da pandemia. Este é o terceiro ano que competimos”.

A súa filla foi unha das xogadoras que deu os primeiros pasos nesta nova etapa do equipo. “Empezou sen saber patinar e foi porteira. Participamos na liga asturiana que é aínda máis pequena que a galega”. Este tempada competiron xa en dúas categorías, infantil e alevín, con 18 xogadores procedentes de Ribadeo e Trabada, pero tamén doutros puntos coma Vigo, Tapia, Castropol, Tol ou Xixón e a idea é seguir medrando.

“Agora mesmo temos 30 asociados e xente nova que comezou este curso que van a ser o seguinte proxecto porque espero formar un benxamín o ano que vén, aínda

que non o metemos aínda a competir porque é unha loucura poñelos xa”. As previsións para o próximo curso son moi positivas, mentres a afección vai crescendo. “Estamos encantados. Temos a sorte de que impartimos a iniciación á patinaxe desde nenos pequenos ou patinaxe en liña e parte do equipo pescámolo de aí. Agora tamén veu xente de Asturias porque a liga de alí é máis pequena e esperamos ter máis que o ano que vén. Temos A Veiga ao lado e están interesados en vir e probar este deporte que lles chama a atención”.

Ata o momento xa organizaron algunha quedada con outros clubs. “Temos a sorte de que en Ribadeo contamos coa pista que só compartimos con fútbol e baloncesto e o Concello pórtase moi ben, porque noutros lugares comparten pista varios equipos e é máis complicado”. Xunto con Lóstregos e CHL Meigas de Lugo, son os únicos equipos da provincia, aínda que contan con moita menos historia. “Nós somos un club pequeno e non temos tanta traxectoria comparada cos de Lugo capital, que levan varias décadas e neles xa están competindo fillos dos primeiros

xogadores que houbo”.

**VALORES DE DISCIPLINA.** Pero non os frea no seu obxectivo principal: “Facer que os cativos se divirtan”, sen deixar de lado os valores que difunde esta disciplina. “Queremos que aprendan que o traballo en equipo é esencial, porque este é un deporte no que poderás ter un gran xogador pero se non o acompañas un equipo que o defenda ou que o soporte cando ten que defender e atacar ao mesmo tempo estás morto”. Trátase dunha práctica moi activa na que “tes que confiar moito nos teus compañeiros en que che van a dar o pase, que te van a apoiar e que cando xa non poidas máis van aguantar o equipo e o partido”, asegura Marcos.

En cada encontro, os xogadores “saen a dalo todo en dous minutos, porque sabes que dentro da bancada están esperando a que ti sentes para saír outros catro para facer o mesmo e volver a sentar”. Pero Cabanas anima a todos aos rapaces e rapazas a probar. “Diríalles que non teñan medo, que é moito máis probable que leven un balonazo na cara que un golpe no hóckey. Levas unhas proteccións



e non vai haber ningún neno que pase por aquí que vaia a mancarte, podes ter un pequeno golpe pero vas ter detrás túa 5 ou 6 compañeiros que te van defender, arroupar e que te van animar cando esteas triste porque non che saen as cousas”.

Precisamente, o presidente destaca a unión que se crea entre todos

os amantes desta práctica. “Vaste encontrar un ambiente de amizade e experiencia que non hai noutros deportes. Fas moita vida social a redor disto, porque somos poucos e coñecemos case todos. Nós temos relación con equipos da Coruña, de Ourense e de Lugo porque temos que movernos máis e ver a moita xente”.

## O Club Clásicos de Viveiro cancela a quinta edición do seu rally

O Club Clásicos de Viveiro organizaba unha nova edición do seu rally, que chegaba a súa quinta convocatoria con 10 tramos e un percorrido de 240 quilómetros. Finalmente, cancelaron a cita, que estaba prevista para o 18 de maio, por non chegar á inscrición mínima para poder levar a cabo o evento con garantías.

“É un momento moi triste para toda a organización despois de organizar 8 Rallys de regularidade, sempre atopamos pedras no camiño as cales logramos sortear pero esta pedra fíxonos tropezar e caer ata o máis profundo”, explican. Dende a organización lamentan todos os inconvenientes que puideran causar aos participantes rexistrados aos que se lles devolve a inscrición íntegra, aos patrocinadores e a todas as institucións.

“É o momento de parar e pensar todo o que levamos feito darnos un tempo e estudar se isto é necesario ou un final como organizadores deste tipo de probas”.

## 200 padexeiros estarán na nova edición da liga provincial de piragüismo

A Vicepresidencia da Deputación impulsa unha nova edición da Copa Deputación de Piragüismo, unha liga provincial de seis regatas que se celebrarán en Portomarín, Ribadeo, San Cibrao, Viveiro, Foz e Lugo entre maio e setembro. O vicepresidente Efrén Castro e o deputado de Mocidade Daniel García presentaron a competición en Foz, xunto a representantes do Club Kayak de Foz, do CP Urban Hotel Viveiro, CP Altruán de Ribadeo, CP San Ciprián, Club Fluvial de Lugo e Cidade de Lugo e da Federación Galega de Piragüismo.

A competición organízase no marco da colaboración que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo mantén coa Federación Galega de Piragüismo para a promoción deste deporte, ofrecendo aos clubs de augas tranquilas da provincia a posibilidade de participar en competicións federadas nas súas comarcas e facilitando polo tanto que

deportistas de categorías poidan disfrutar do aliciente que supón competición, sen grandes desprazamentos.

Cada regata é organizada por un club, facilitando así que a actividade deportiva pero tamén económica e social que xeran as probas, que reúnen unha media de 200 palistas, se distribúa por toda a provincia, especialmente, na comarca da Mariña, onde se concentran catro das probas.

O vicepresidente da Deputación Efrén Castro e o deputado de Mocidade Daniel García valoraron o traballo que realizan os clubs coas categorías de base” e sinalaron que “desde a Vicepresidencia da Deputación de Lugo tratamos de apoiar ese esforzo de forma íntegra, dando soporte económico a competicións como a liga provincial e impulsando tamén iniciativas formativas nos propios clubs e nos centros educativos”.

## O focense Xoel Docal colga o ouro na Copa Miño



Xoel Docal non deixou pasar a oportunidade de participar unha vez máis na proba máis antiga de Galicia como é a Copa Miño. Deste xeito, desprazouse desde Barcelona para ser da partida da proba que é unha das súas favoritas xunto coa Travesía Ría de Foz.

Foron 18 quilómetros de proba nunhas condicións moi duras polo elevado caudal de auga co que baixaba o río Miño desde Rábade á Ponte Romana de Lugo, polas chuvias caídas estes días.

Desde a saída formouse un grupo que chegou compacto ata o caneiro de Santa Isabel, desde o cal Xoel

Docal puxo un ritmo moi alto que lle permitiu despegarse para chegar ao Piago en solitario con algúns metros de distancia aos dous competidores que se posicionarian como segundo e terceiro na meta en Lugo.

A partir de aquí o focense foi consolidando e aumentando a súa vacina sobre os seus seguidores ao paso de Ombreiro, caneiro de antiga fabrica da Luz. Chegou ao Caneiro do Fluvial, chegando a Meta cunha ampla vacina de mas de 1 minuto sobre o seu inmediato perseguidor, Miguel Ángel Pérez do club Piragüismo Cambados e de case dous minutos a André Corredoira do Cidade de Lugo.

# COLABORACIÓN

## A escola vaise de vacacións, a educación non

### O PUPITRE



Julio Díaz

O tema das vacacións é complexo e cada país o resolve a súa maneira. Hai algúns que as fragmentan máis ao longo do curso, outros as gozan máis no verán e outros máis no inverno. O certo é que non se toman decisións por motivos pedagóxicos, senón por motivos económicos, sociais ou laborais. Unha das razóns que soen esgrimirse a favor dunhas longas vacacións é que os rapaces poidan dedicar máis tempo ao ocio e á vida familiar. Eu o da vida familiar vou poñelo en corentena. Un problema pedagóxico non resolto que preocupa aos pais é si deben intentar que os seus fillos estuden algo durante o verán. Circula unha ideoloxía veraniega que considera que os alumnos teñen dereito a gozar dun tempo longo de descanso para repoñer forzas. Madrugar, xornada esco-

lar, tarefas, actividades extraescolares... Os nenos coma os adultos, chegan ao verán cansados. Pero as vacacións son un período moi longo e pódese descansar un tempo –dúas ou tres semanas- e traballar un pouco tamén. Por exemplo, para aqueles alumnos que tivesen un bo nivel durante o curso no verán poden ler, buscar, descubrir, analizar ou reflexionar sobre algunha información relacionada con temas do seu interese. Poden ser actividades atractivas que o motiven. As tarefas de verán non poden ser unha repetición do feito durante o curso. Hai que procurar que sexan amenas, cun clima positivo e que non supoñan unha carga que provoquen un rexeitamento automático do rapaz. Tampouco deben ser exercicios repetitivos resultando fundamental que os tempos dedicados ao repaso sexan períodos curtos. De forma xeneralizada media hora, para os máis cativos, e unha hora para os maiores, son máis que suficientes para ir reforzando o aprendido. Os nenos que superen sa-

tisfactoriamente o curso poden tratalo como un castigo si se lle esixe moito tempo diariamente. Evidentemente, non é a mesma situación para aqueles alumnos que superen o curso sen problemas que para quen non alcanzaron os mínimos esixidos. Si o rapaz traballa durante o curso, pero o rendemento non foi o desexado, recoméndase que os primeiros días descansen e goce dunha desconexión total para, despois, programar ben o plan de traballo. Alternar días de descanso e de traballo pode servir para incrementar os niveis de rendemento e motivación. Os alumnos que realizaron esforzo durante o curso, independentemente dos resultados, merecen tempo de lecer que debe ser activo, non limitándose ao sofá, televisión, videoxogos... Ten que existir un balance entre o tempo de traballo e o tempo de ocio. Aínda que se “atragoe” o curso sempre hai tempo para gozar e descansar. É importante asegurarse que os rapaces se fagan responsables das súas tarefas e, ademais, de forma



eficiente sen perder o tempo. As vacacións serven para que o neno descansen e tome forzas para afrontar un novo curso, pero tamén, para gozar da familia sen presas, da natureza, dos deportes, das relacións con outras persoas...

As vacacións escolares deben supoñer que a educación formal se retire durante un período de tempo para deixar paso a unha educación non formal, mais ben informal. O dito, a escola vaise de vacacións, a educación NON.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 80 01  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

	Emerxencias: 112	Incendios Forestais: 085	
	Urxencias Sanitarias: 061	Garda Civil: 062	



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493

## DE RUTA EN RUTA

# Trabada: Ruta da Fraga da Vilapena

O percorrido permite achegarse ao patrimonio natural da aldea protagonizado pola diversidade arbórea

**E**sta ruta atravesa a Fraga de Vilapena, de incalculable valor patrimonial, que constitúe o exemplo vivo máis representativo da paisaxe que conformaba na antigüidade Galicia desde o litoral ata os 1500 metros de altitude. Caracterízase pola gran diversidade e pola presenza de érbedos nun tramo do percorrido.

O itinerario (PR-G 85) comeza antes de cruzar o núcleo de Vilapena, xunto a unha curva da entrada, na que se atopa o aparcadoiro e o panel informativo da ruta. Desde este punto, continúaase pola estrada para atravesar o pobo ata alcanzar a igrexa, na que chama a atención o seu famoso retablo barroco, e dirixímonos ata a fraga. Durante o percorrido, coñécese parte do patrimonio tradicional formado por hórreos e edificacións en pedra.

A ruta ofrécelle ao camiñante dúas opción: continuar pola fraga tomando unha pista á dereita ou seguir de fronte 2 quilómetros pola pista ata o alto da Pena



de Gorro para gozar dunha panorámica do val de Vilaformán e Vilapena e da paisaxe típica das montañas próximas á Mariña. Tamén se poderá contemplar unha carboeira, xa que o carbón, xunta coa leña, era o produto que máis utilizaban os lucenses nos seus fogares antes da irrupción dos novos combustibles.

Neste oco na terra metían a madeira, tapábana e levaban a cabo a combustión ata que o material quedaba convertido en carbón. Despois dun pequeno descanso e de observar unha pequena ferverza nun afluente do Vilaformán, regresamos polo camiño para orientarnos cara ao oeste e chegar á bifurcación da opción

do percorrido curto. Tómase a mesma pista, situada á esquerda, e aos poucos volvemos achegarnos á fraga. Compróbase que o gran protagonista do lugar é o carballo, acompañado por outras especies como o acivro ou o érbedo.

Se decidimos realizar o camiño nos meses máis fríos, poderase

saborear o saboroso froito dos érbedos. O camiño vaise facendo pouco a pouco máis sinuoso e escarpado, ata desembocar nun punto onde se cruza o regato de Vilaformán, famoso antigamente pola pesca de troitas. A contorna acaba na zona de aparcamento desde a saída da fraga por unha pista forestal.



## DATOS



4 horas



10 quilómetros



Dificultade media-baixa

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605